




Marta Dacosta
 Miguel Sande
 Miro Villar
 Nacho Taibo
 Olga Patiño
 Paco Souto
 Paulino Pereiro
 Pura Vázquez
 Rafa Villar
 Ramón Caride / Luís Mejuto
 Raúl G. Pato
 Roque Cameselle
 Rosa Aneiros
 Rosa Méndez
 Teresa Seara
 Vicente Araguas
 Vicente Piñeiro González
 Xavier Alcalá
 Xavier Cordal
 Xavier Costa Clavell
 Xavier Lama
 Xavier Seoane
 Xela Arias
 Xesús Pereiras
 Xoán Neira
 Xoán X. Fernández Abella
 Xosé Abeal
 Xosé Ballesteros
 Xosé Estévez
 Xosé Fernández Ferreiro
 Xosé Francisco Fernández Naval
 Xosé Henrique Rivadulla Corcón
 Xosé Leira
 Xosé Luis Martínez Pereiro
 Xosé Manuel Martínez Oca
 Xosé M^a Álvarez Cáccamo
 Xosé M^a Dobarro Paz
 Xosé Miranda
 Xosé Ramón Freixeiro Mato
 Xosé Vázquez Pintor
 Xulio L. Valcárcel
 Yolanda Castaño



Asociación de Escritores en Lingua galega

ALMA DE BEIRAMAR

ALMA de BEIRAMAR

A ASOCIACIÓN DE ESCRITORES EN LINGUA
GALEGA EN CONTRA DA MAREA NEGRA

A NOSA TERRA
AELG ASOCIACIÓN DE
 ESCRITORES EN
 LINGUA GALEGA

Adolfo Caamaño
 Agustín Fernández Paz
 Alexandre Ripoll
 Amadeo Cobas
 Ana Romani
 Antón L. Dobao
 Antonio García Teijeiro
 Bernardino Graña
 Bieito Iglesias
 Camilo Franco
 Camilo Gonsar
 Camilo Valdehorras
 Carlos L. Bernárdez
 Cesáreo Sánchez Iglesias
 Chus Pato
 Dora Vázquez
 Eduardo Estévez
 Emilio Xosé Ínsua
 Emma Couceiro
 Estíbaliz Espinosa
 Eva Veiga
 Fidel Vidal
 Fran Alonso
 Francisco Castro
 Heidi Kühn-Bode
 Henrique Rabuñal
 Isidro Novo
 Laura Caveiro
 Lois Diéguez
 Luis Rei Núñez
 Luisa Villalta
 Manoel Riveiro Loureiro
 Manuel A. Torneiro
 Manuel Forcadela
 Manuel María
 Manuel Vidal Villaverde
 Marcos Seixo
 Marga do Val
 M^a do Carme Kruckenberg
 M^a do Cebreiro
 Marica Campo
 Marilar Aleixandre



ALMA DE BEIRAMAR

*A ASOCIACIÓN DE
ESCRITORES EN LINGUA GALEGA
EN CONTRA DA MAREA NEGRA*



**Os beneficios obtidos das vendas desta edición
irán destinados á *Plataforma Nunca Máis***

© Asociación de Escritores en Lingua Galega

© Promocións Culturais Galegas

Capa: Carlos Soaxe

Maquetación e impresión: Comercial Gráfica Nós, S.A.

Príncipe, 22 - 36202 Vigo

I.S.B.N.: 84-89679-16-9

Dep. Legal: PO-234-1996

ALMA DE BEIRAMAR

A ASOCIACIÓN DE
ESCRITORES EN LINGUA GALEGA
EN CONTRA DA MAREA NEGRA



A NOSA TERRA

AELG ASOCIACIÓN DE
ESCRITORES EN
LÍNGUA GALEGA

LIMIAR

Sempre mar

Un mar sen terra vive en viva alfombra
para correr, voar sen pé nin leme,
pois mar ceibe e fantástico se teme
e desatarse pode en golpe ou sombra.

Un mar cheo de mar vén contra as moas
da boca da paixón que rilla e sulca,
e unha extensión medoña faise esculca
do infindo e dos espacios ante as proas.

Están listas as naves. Tí, enemigo,
tan largo mar, contemplas e arrodeas,
e eres lingua que bate e chega ás veas,
e eres sala de calma e de perigo.

Azul, verde, ferrento, igual, distinto.
Un soturno caimán, un gato rexo
con escamas e poutas en axexo.
Un salgado e ben mesto viño tinto.

Unha chaira sen muros nin cancelas.
Un ollo aberto pra engulir profundo
as formigas, os homes, todo o mundo,
incluíndo os luares e as estrelas.

Un mar pra andar perdido e achar o tino
como noite continua ou pesadelo
onde o corpo ten de ir espido, inxelo.
Principio e fin das cousas, mar divino.

Bernardino Graña
Do poemario “*Profecía do mar*”.

Ave na memoria azul de Ons

O libro da ave foi fechado
no cetro da páxina do seu voo.
O díptico sutil con que lambía
a indecisa forma do aire, anxo caído
na condena da materia que retaba:
Gravidade, ese non ser da ave.

No xogo espiral do peixe alzouse,
como estatua mártir no areal de breo,
unha auga pétrea, xorda ao hálito sacral
que rende a branquia á propia luz.
O brillo astral da escama, acurralada
na mortalla dun mar de beizo fósil.

O Grial das ondas, a ánfora vitral
rota en densos berros de acibeche.
Como ninfa líquida de impuros ralentís,
así a cega, quietista fouce da marea
atracando vagas de chicle nas ourelas.
As naves ancestrais, petrificadas
na agonía dos ronseis sen redes,
chaman mesías á naumaquia decisiva.
Mariñeiros coma álxidos guerreiros,
no rostro en tatuaxe o estigma
da cornucopia profanada, na lingua
liberada o sal, fel de innúmeras partidas.

Zoan os falsos emblemas da sombra
sobre a dorna narrada en pedra
onde se vela o sono espido de Ons.
Xeme a estampa deste océano borrado
polo grafito brutal da gran andrómena.
O fomento do esperpento leva o sino
dos vellos tambores dunha nenez roubada.
Un cardume de palabras podrecentes
vén vomitando insignias maldicidas.
Coma se o verbo máis escuro do home
adxurase da palabra eterna, fecunda,
dada á terra que nutre maina a súa raíz,
e se abatese sobre o espello verde deste mar:
o mar como unha patria azul, o lábaro carnal,
ese lóstrego, cristal no íntimo pálpito do ser.

A man de Man esculpiuse Home,
presentiu no sal egótico dos cons
o rumor da patria universal, copulativa,
nimia area que na praia cósmica se amorea.
En ti, mar da morte, naceu de novo ao drama,
soñouse carne entre os teus soños máis rochosos.
E pronunciouise á vida, esa substancia, ese día
que perfuran os laios abisais, incesantes das baleas
na placenta da noite onde o nidio ser se arrola.
Tal vez agora, tras a negra onda sen tic-tac,
así se vai falando, Xonás na balea do xacando:
*“Ao saír da morte en min había outro,
debuxeime como era cando os ciumes do vento
non berraban por min, no Mar eterno de Camelle”.*

Na escura onda vólvese paxaro un peixe,
ti, ave de acenos e de voces, tribo de sal, man do mar,
ven cantando, no teu soño de mar, un novo mar.

Adolfo Caamaño

O ADN da miña xeración

A profesora de bioloxía púxonos hoxe un documental sobre o descubrimento da estrutura do ADN. Dis que foi hai cincuenta anos, o 28 de febreiro de 1953, nos laboratorios Cavendish de Cambridge. No documental falaban dos seus descubridores, James Watson e Francis Crick, pero non dicían nada de Rosalind Franklin, “a deusa escura do ADN”, autora de investigacións decisivas para que os dous homes fixeran a descuberta da súa vida. De todo o que vimos, quedoume gravada unha foto na memoria. Nela aparecen Watson e Crick, moi noviños, sobre todo Watson, que daquela tiña só 25 anos. Na foto brillábanlles os ollos, mentres contemplaban fascinados a maqueta da dobre hélice do ADN que construíran entre os dous.

A que teño agora diante é outra foto. Aquí estou eu, e Clara, e Diana, e Brais, e Miguel... Tamén a nós nos brillaban os ollos, tamén a nós nos dominaba o abraio ante o que estabamos a contemplar. Á nosa dereita, unha ringleira inmensa de mozos e mozas que parecía non ter fin. E o mesmo á nosa esquerda. Fronte a nós, o areal da praia de Traba, onde uns compañeiros debuxaban cos seus corpos a palabra VIDA. Máis alá, o fascinante mar azul, a espuma das ondas, o ceo salferido de nubes brancas. Nunca poderei esquecer a onda de orgullo que me asolagou por dentro

e me fixo chorar coa emoción ao sentir a forza que chegaba deica min a través de tantas mans.

Despois dixéronnos que estiveramos alí case cincuenta mil persoas, collidas das mans, formando unha cadea inmensa pola beiramar. Unha cadea para berrar as nosas ganas de vivir, a vontade de descubrirmos o país que hai debaixo do chapapote con que nolo queren ocultar. Foi o 22 de xaneiro do 2003, unha data para min tan importante como debeu ser aquela tarde de febreiro para Watson e Crick. Porque foi o día en que nós lle demos tamén forma visible á nosa dobre hélice, o ADN da miña xeración.

Agustin Fernández Paz

Cantar de amor, escarnho e pranto polo mar

Non hei i barqueiro nen remador,
morrerei eu fremosa no mar maior...

MEENDINHO

Por unha asnal estulticia,
tal vez lixeira de cascos,
vexo un mar embeleñado
con arsénico de mesa.

.....

Cegado polo mar negro
morrerei eu, triste arao.
Non vexo Vigo, nin Cangas,
nin a ponte de Sampaio.

Non vexo Ons, Cabo d'home
Sálvora, Couso nin Tambo,
nin a praia de Sanxenxo,
negro mar de Mariano,
Raxó i as terras de Poio
cos canastros de Combarro.

Non quero ver areais
con tanto fuel, ¡tan manchados!,
e coas ondas da Lanzada
morro eu, arroaz varado.

Non vería o mar de Arousa,
mar das terras desterrado,
cultivado en mil bateas,
bacelar naval humano,
que dá froitos saborosos
dende a Toxa ata Cambados,
vereino porque o salvou
unha armada de mil barcos
que armaron os mariñeiros
cando non fixeron caso
ás voces que lles dicían:
“Podedes seguir pescando...
que non hai marea negra,
que é un invento de catro
perigosos activistas
que só queren enganarvos...”.
Pero o mar que todo torna
evidencia cal engano
é, e a quen tanto mente,
mentireiro consumado.
Desde a Guarda ata Burela
contra a marea loitaron,
eles sós pois nesta hora
nos que mandan non fiaron.

Eu gaivota mascateira
xa non pousarei no Castro
de Baroña porque teño
o lombo petroleado,
que está negro o monte Louro,
cabo da punta do Cabo,
e non teño areas limpas
desde Lira a Caldebarcos.

Choran os deuses do Pindo
bágoas de sangue callado
vendo aquel corvo mariño
na Gran Lobeira afogado,
abafado por vapores
deste mar ghalipotado,
que enzoufado alí morreu,
e levan crucificado
na gran manifestación
da cidade de Santiago,
na que os bos e xenerosos
a nosa voz pregoaron.

En Vilela de Nemiña
non pode soñar o bardo
pois non pode contemplar
co chapapote eses baixos
erguidos en Touriñán,
vertixe sente no facho,
lembrando a doce Rentar,
cal leve ave de paso,
no figueiredo de Mórdomo
ou no areal de Boño.

En Camelle tamén morro
con Man, o alemán, amando
o mar, a terra e a vida,
pedras que fora pintando,
que piratas aleivosos
impunemente mataron
e un fato de incompetentes
nesta xeira remataron.

Alexandre Ripoll Anta

No seu tempo de lecer, os deuses aburríanse, e por iso ás veces argallaban trasnadas os uns para os outros. E contan as crónicas máis antigas que Poseidón estaba ocioso e, sen permiso de Zeus, púxose de acordo con Eolo, que sempre lle facía as beiras, e inventaron un xogo de apostas ó que convidaron ás demais divindades. Mais como queira que eran trampulleiros e poderosos por igual, non gañaba ninguén e enfastiábanse. Eolo, coa súa veleidade cotiá, propuxo que fixeran intervir a mortais, e chamaron a un home para que participase, concordando ámbolos dous que tiñan que dálle-la cerimonia máis fastosa ó xogo para tentárenos, á fin os homes gustan da beleza externa, da aparencia máis ca do intrínseco. Tería que ser unha aposta forte, presidida por un atributo significativo de cadanseus reinos. Atlántida, nada menos. Eolo non quixo ser inferior, e xuntou distintivo do seu reino, o Vento, e aposta: un odre cheo de rexos ventos cuspidiño ó que lle regalou a Odiseo sería a tentación. Houbo dous máis: a deusa da Intelixencia, Atenea, levaba pousado no ombreiro o atributo do seu dominio: una curuxa, e non apostou con levidade, pois se perdía entregaría tódolos aparellos guerreiros que a ornaban (armadura, lanza...). Para remate, Hermes dixo que como responsable das Viaxes e o Comercio xogábase o seu caduceo, vara máxica que consegue todo, de tanta sona como esas sandalias aladas que portou a xeito de símbolo. Todos catro sorriron.

O home cobizaba gañar. Logo de falaren os gobernantes e os posuidores dos cartos na procura do re-

presentante axeitado, botaron unha mentira podre: á Terra ousaron denominar o seu reino. A súa prenda para xogar foi Xea, ja deusa lexítima da Terra!, e con-
viñeron que o atributo máis sobranceiro para repre-
senta-los intereses dos homes era un barco, que rou-
baba os bos agoiros de Hermes coa sabedoría de
Atenea e, co empuxe de Eolo, derrotaba a Poseidón
en cada singradura.

Folga dicir o resultado do xogo... De feito, hoxe sé-
guense a perder moitas das apostas semellantes que
o home teima en aventurar.

Amadeo Cobas

A memoria do Olga as illas
os corpos despedados das mamíferas
o ollo do bilurico os trueis
o paquebote esmaltado
os pes de chapapote

o mar
nin outra cousa quero

a punción exacta do arpón
no seu eco

Ana Romaní

Mil Imaxes

Na pantalla o ceo perde o tramado,
aparece cinsento, monocor, tea opaca
en que se proxectan sombras móbiles.
O mar non ten tons, estático
reflicte figuras humanas embolsadas en branco
disólvese en nubes de mar moi negro.

Xa non se emiten os sons das marés
alicerzando a area. Galicia en branco e negro
vaga peiraos, rostros en ferro,
abismo entre o pensamento e os sentidos.
Non se oen conversas,
por veces chove chuvia negra
vén de abaixo nunha traslación das leis da física.

O cadro desdebúxase, fundido a roupas brillantes,
decorados de seda en cores e grilandas.
Contrasta a festa coa introspección daquelas xentes
que algo estrañan cos ollos afundidos na lonxitude
[mariña
confundidos en periplo sobre tinta chinesa.

No imperio do silencio
Galicia en branco e negro complementábase
con foguetes de artificio sobre Belgrado e Bagdad
festa verde contra o teito dunha noite

igual de negra e escancarada coma as paredes das lonxas.
O silencio estende no tempo
un deseño de bengalas autómatas.

Ollamos ó redor e parecemos esquecer
a fundación dos verbos expropiados.
Nada entendemos
na xorda sucesión de imaxes planas, tan lonxe de nós
[e dentro.

No silencio escintilante vénnos á memoria
a precisión ausente das palabras.

X. Antón L. Dobao
Febreiro 2003

A dignidade dun pobo

A muller viu para el e sentiuse mal. O home semellaba louquear diante daquel sufrimento. Ó home, finalmente, falláronlle as forzas e caeu sobre o corpo miúdo da muller. Fícaron abrazados. O mar sufría en toda a súa plenitude. Escabicharan con rancor nas súas entrañas, e doíalle. O home e mais a muller escoitaban os laios do mar. Comprendían os seus beirros salgados despois de engulir pola forza os excrementos verquidos no seu ventre desarmado. As máscaras da tolemia aparecían no crepúsculo. Era un crepúsculo manchado polas sombras do noxo. E as máscaras rían e mofábanse da paisaxe cunhas gargalladas desmedidas e ferintes. Máscaras pronunciando verbas tinxidas de ameazas, emporcadas pola calumnia; verbas penduradas dun cinismo cruel que dominaba a negra amargura da paisaxe. Ambos os dous sentiron o arreguizo nas costas e a impotencia na alma. As máscaras convertéranse en lobos negros batenndo no corazón dos guerreiros sinxelos. Outros homes e mulleres, coma eles, cansos de afundir as súas mans sen espada na moura realidade do caos. Eran os guerreiros da esperanza roubada; da ilusión rabenada; da xustiza encadeada. Era o pobo abandonado na desgracia, abafado e ferido polas máscaras traidoras. Pero era o pobo disposto a non deixarse apreixar a gorxa polas mans desas máscaras que rían e aldraxa-

ban; que calaban e fuxían. E ambos os dous eran pobo. Sabían moi ben. O seu destino estaba canda ese pobo que loitaba desquiciado. Non o pensaron dúas veces. Agarráronse ó espírito do guerreiro e uníronse a esas ringleiras brancas, manchadas de negro, que nunca deixaron a pelexa na procura da claridade. Ringleiras de homes e mulleres, cos dedos unidos, dispostas a destruír esas máscaras que se agochaban tras da miseria do poder. Homes e mulleres que depositaron na pel do mar e nos seus vieiros a súa dignidade. E cando está en xogo a dignidade dun pobo todos os soños rachan as cadeas, foxen do cárcere e, postos en pé, emprenden o camiño da esperanza.

Antonio García Teixeira

Paris, mon amour

Beizos mornos en leite de cabra
(labios que becaron a Fernández Mazas *vers* 1927)
con néboa que esvara nas lastras.
Emotiva estampa de cinema *vérité*,
saltimbanco de *Pont des Arts* dun brinco Ribeiriño.
Cóxegas de palletas e fole de acordeón
e *belle publique de nuit faisant le quart*,
de alma blindada como as lúas de Maxim's.
Regáloche os ourives de Vendôme,
e ouro da India que reбуza lagostín á moda de Madrás
(Lutetia é do mundo e do Lugar Común),
a cambio das voces fracas dos patios interiores,
dun coro de anxélicos saloucos postumeiros
(Epitafio: odiou as frases lapidarias).
Encanto e non me velas,
anteponme á beleza dos obxectos,
prefíreme á noticiosa multitude,
ás filloas de Montmartre,
ás mesas con cinseiros de CAMPARI.
Pra enxugar impos de Brel *chagrin*,
muro dos laios e *prénom* de París.

Bieito Iglesias

Longa noite de fuel

Volvemos estar deitados fronte ó mar, agora sen camiños, coa maré negra lambendo as botas de plástico dun pobo que leva exhibido máis resignación que protesta. Negros outra vez, volvendo dunha interminable sega histórica na que quereríamos ser rosas e só nos permiten o loito. Só negro, reiterado, inacabable, como un futuro previsto para nós sen a nosa opinión. O chapapote escala ata os xeonllos do litoral, e coa mesma sensación líquida e pesada recibimos esoutra marea: a da distracción dos datos, a da confusión das palabras, á da maquinaria pesada da propaganda declarando unha cousa por outra como se non merecésemos a verdade, por evidente que sexa.

E por eso dá por pensar que a maré non é so deste momento. Nin a negrura obsesiva e devastadora con que se manifesta nos días tristes de temporal ten que ver só co presente catastrófico, coa rebeldía do mar, coas bandeiras de comenencia e con petroleiros veteranos que ninguén quere xubilar. Está maré do xofre que xa nos vence os pulmóns terá que ver co destino, pero tamén con esta forma de entender a política só para cando os tempos veñen de cara, só para cando a vida sorrí como un mal anuncio. Logo, cando veñen mal dadas, disimular para capear o temporal e distraer a atención mentres queda a xente tirada na circunstancia. Esta tamén é unha marea de negrísima espe-

ranza que leva chegando a nós con toda a regularidade dos últimos tempos.

Pero agora estamos aquí, deitados fronte a un mar do que nos están roubando o camiño, coa espesura visguenta a punto de nos entrar polas fosas nasais, a medio minuto dunha asfixia que só nos deixa unha opción: rebelarnos contra a impostura, contra a incapacidade, contra as cerimoniais da confusión, rebelarnos contra quen nos regalou esta circunstancia adversa e rebelarnos, rebelarnos, rebelarnos contra esta longa noite de fuel que padecemos.

Camilo Franco

Nunca Máis

Diante dunha catástrofe como a do “Prestige” non queda marxe para a literatura. Pois un feito, un asunto, un motivo calquera son susceptibles de elaboración literaria soamente cando se nos aparecen mediatizados por unha certa distancia: cando sobre nós inflúe, non a impresión directa, senón máis ben a memoria. Mais unha traxedia como a do “Prestige” imponnos, en cambio, sentimentos demasiado directos e inmediatos e, en certo xeito, case despóticos. Sentimentos de condolencia polas súas vítimas, de agradecemento ao esforzo de todos cantos xenerosamente loitaron contra a marea negra –e tamén de total identificación co berro e o lema de “Nunca Máis” guindados aos catro ventos por tantas multitudes. Un “Nunca Máis”, por certo, que é todo o contrario do famoso “nevermore” do corvo de Poe pousado sobre un busto de Palas. Oscuro transmisor do espírito profético e vingativo de Minerva, este corvo pronuncia unha sentenza condenatoria e inexorable: nunca máis ha retornar Lenora; nunca máis vai vir un pasado feliz. Mentres que este “Nunca Máis” ergueito polo pobo desde as profundidades onde xace o “Prestige”, significa xustamente o repudio dun pasado insatisfactorio: nunca máis á resignación, á pasividade, ao silencio, ao dicir que chove cando mexan por nós. E significa, e isto é o máis importante, o esquece-

mento de toda sorte de ridículos e cegos localismos, superados por un espírito de unión de tódolos galegos. Oxalá dure.

Camilo Gonsar

De Valdeorras a Taramancos (acróstico)

u uE e o a a a E e e i a u e u e.
n g m N g r c b D m f r r X v n t d

v d r s r n s c n t l d s!
e e a o e i a o a a i A o

f r M s s n g n v
e o o o A u e o o

a I o o á e
b r n d c r t r
n S t r n d t m p
o e e ó o e o.

Camilo Valdehorras (febreiro, 2003).

Un gumE Negro acaba
DE me ferir a Xuventude.

Vede a roseira nos acAntilados!

FerMoso o sAngue novo
abrIndo o cráter
no eSternón do tempo.

Antón Avilés (maio, 1991).

Nunca máis, máis que nunca

En nome da AELG quero agradecer ao Concello de Vigo e ao MARCO a súa colaboración para que este acto de reafirmación e dignificación colectiva sexa posible. Non quero principiar estas palabras sen lembrar ao presidente da nosa Asociación Bernardino Graña, que debería presentar este acto e que se acha hospitalizado superando unha doenza que esperamos axiña remita e nos permita gozar da súa palabra, palabra de mar, profética e liberada, tan necesaria en momentos como os que estamos a vivir.

Creo recoller o sentir da nosa Asociación salientando que o mundo da cultura galega sente íntimamente, como toda a sociedade, estes terríbeis momentos, non superados en absoluto a pesar do que a teimuda propaganda do poder nos tenta vender.

Poucas veces unha sociedade reaxiu como a galega nesta dramática altura. En Compostela, en Vigo e en toda Galiza as manifestacións destes días remataron cunha emocionada interpretación do noso himno nacional, e poucas veces o poema pondalio foi máis verdade e máis esencia dun país.

As “costas verdecentes” do comezo de “Os pinos” convertidas en negro chapapote por mor da criminal incompetencia e vil desprezo dos gobernos.

Fronte a eles os galegos contemplamos e protagonizamos o nacemento dunha nación, cando o estado

desaparece emerxe o pobo. Os mariñeiros, os traballadores, a mocidade solidaria, a cidadanía consciente rebélanse contra os “férridos e duros, imbéciles e escuros” do noso himno, eses “ignorantes” que non son quen de afrontar o clamor dun pobo, un pobo de “bos e xenerosos” que co seu exemplo de autoorganización, de auto-determinación, isto é, de firme determinación, se ergue democráticamente revoltado contra aquela etérea autoidentificación sen vizo. Cando o estado se afunde como o casco de *Prestige*, de entre todos nós se levanta a dignidade que sen dúbida reconstruirá o noso mar, e fará renovar a vida, como no poema de Paul Valery que traducita o inesquecibel Antón Avilés:

*O Mar, o Mar,
Sempre renovado*

Mais agora este renacer se fará con alicerces máis sólidos, desde os cantís infranqueábeis da nosa vontade colectiva. Nunca máis.

Carlos L. Bernárdez

(Texto lido o 20 de decembro de 2002 no MARCO en Vigo).

O Miño

Seda irisada de luz tremelucinte. O murmurio da
[corrente.
Un ceo con nubes de poeira amarela. Vexo a
[miña propia
impalpabel memoria fragmentada, fora de min,
[memoria

A Pasaxe

Antes de desaparecer soñar é tender unha espiral
o mesmo que as pedras preonadas. Na memoria
prescindir do nome Abandonado todo á intemperie.

Camposancos

Chamamolo mais non a si mesmo o mar agardame.
Os recordos veñen na chuva para lavar vellas magoas
para consolar ao poeta.

A Guarda

Como nunha pintura un ave desce sobre a tarde.
[Unha man
mollada borra o destino dos homes. Nas ruas
o luar é como a xeadá no chan deste día.

Cesáreo Sánchez Iglesias
Mar do fin da terra (Inéditos)

o soño é un bombardeo afastado. as raíces da árbore
medran sobre a destrución da cidade,
soña (a árbore) ese bombardeo, afastado no tempo

a seiva, o esquío descoñecen o que eu coñezo: que o
bosque medra sobre o entullo dunha cidade arrasada

un corazón soña como as árbores soñan: en Bagdad-
Vietnan, nas enmoquetadas serras afganas, nas
costas de Galicia, en Hiroshima

Chus Pato

Perfil de Pura Vázquez

Pura sempre gustou do mar. Amou o mar. ¡Ama o mar!... A miúdo escribiu poemas sobre do mar. E adicoulle un libro: “Man que escribiu no mar”. O mar, “*deserto azul*” que limitan praias de “*aréa pálida*”. Mar, onde os barcos se arrolan en singladuras e dimensións, nas que tamén emerxen as algas e os delfíns. Mar, “*durísimo clamor de escuma e rocha*”.

Pura pinta no libro, e versifica, toda a grandiosidade que comprende o mar que ama, asimilándoo ó seu mar íntimo. Porque Pura, no seu peito, no seu espírito, síntese coma un barco “*onde non hai ninguén polo arredor*”. Ela só encontra, só ve: “*Auga... auga*”. “*Só o barco e máis eu*”. Só unha auga inmensa coma o mar, que é o seu íntimo sentir: “*Só a soedade, afora...*”

Tal é esa, tamén, a súa identificación ca mar. O seu saber del, que ela canta tan magníficamente neste poemario, que xira todo en derredor do mar. Porque Pura viaxou no mar, navegou por el, sentíndoo, véndoo, na meniña dos seus ollos, e tamén dentro do seu ánimo no caminar da vida. Cantándoo... ¡O seu mar!

Mar que ama sempre, confundida na súa auga, degorada por ela. E ó que canta así, coma quen cumpre un soño moi perseguido:

*“Quixera ser no fin desta agonía
a cinsa tenra sobre ti volcada.
Eternamente Mar... Soño cumprido.”*

Velaí a “*Man que escribiu no mar*”. Velaí un perfil destacado de Pura Vázquez.

Dora Vázquez

e pola noite
o bruar nas fendas
as contras a bateren
que volve zoar surleste
e maÒ. outra volta
habemos lanzar as redes
para coller os restos
do mar
os nosos despojos

eduardo estÈvez

PRESTIGE

Non merecíamos o vómito negro sobre a nosa vida.

Era outra a perspectiva que animaba o duro día a día,
traballar arreo, xerar riqueza, tirar pra adiante,
Galiza tiña e ten que proseguir.

Foi atroz descubrir os verbos da incompetencia
conxugados no máis fondo dalgunhas bocas.

Foi duro saberse abandonados nunha maré aciaga e
[moura
que parecía sepultar para sempre e sen remedio o porvir.

Coa preta arcada tensáronsenos os músculos da alma
e desligáronsenos no peito as cordas que nos amarraban
a un país demasiado amiúde envolto en brétema e
[medo.

Aínda na desgraza, puxemos porfin sobre a mesa,
transparentes, os cadáveres do infúndio e a falsidade,
as rasgas dunha prepotencia burda e oca,
os fluxos visgientos da mentira feita xeito de goberno.

Agora, mentres reedificamos con paciencia a vida
[estragada,
mentres invocamos en cada pedra, cada praia, cada
[furna,

un novo cántico rebordante de salitre, espuma e ceo,
vemos resplandecer en cada frente unha nova estrela
e soñamos ali onde a consciencia se tinxe de azul e
[branco
que por fin chegaron os tempos que tiñan que ter
[chegado.

Emilio Xosé Ínsua

Mira,
á volta está a *Praia Grande*, e detrás, detrás está a
[boca da ría,
hai unha ponte, e despois, despois unha baixada. Nesa
[pendente empeza
o que eu chamo a miña casa.

(Vai xa para nove veráns que nos levou a corrente.
[Como a aquela rapaza xitana
que buscaron toda a tarde. Nas covas, lía *O Café da*
[*Rúa do Cemiterio*
—onde el gritaba que non, que non quería confesarse,
[que tiña dereito a morrer
con todo o seu odio dentro, que era o seu patrimonio
[e que non o entregaría,
que non se confesaría—
eu cerraba o libro con certa ansiedade
—como cando Ana ía guindarse ao tren—
e entrecerraba os ollos para buscar aos demais. Os
[demais ían á busca do mar,
que ás veces se retiraba o máis lonxe posible.
[Enmudecía, á súa maneira.

Vai para nove veráns.
As lanchas de salvamento traballaban sen descanso.

Nen sequera recordo o argumento. Só aquela
[escena.
Chegamos a crer que con tal vehemencia caeríamos
[xuntos. Pero

a boca da ría é perigosa, a corrente é demasiado forte
—na *costa dos mosquitos* el arrastrabase pola area,
[maldicindo; entón, un paxaro
marchou coa súa lingua ; sucedera que todos
[abandonaran o seu terrible soño;
fuxiran á costa, espertaran ao mar ; pero el,
el chorou ao velo—)

Din que o mar sanará a miña pel.
Que debo concentrarme nesta enfermidade.

Emma Couceiro

made by homo sapiens

unha nova entrega do Teatro Negro de Praga con sorprendente final en prosa para ti

vén, quero invitarte

tras a revolución de veludo emerxeron Ta Fantastika e Pan Optikum...

na miña adolescencia, cando escribía cousas como *interpretando sí existo*, eu non coñecía o teatro negro de praga

...cativando á súa audiencia con todos os elementos posibles:

a vida segue sendo enorme, unha campá que dá e dá e dá son, luz, música, mimo, baile, color

agora estou no centro desa campá e ti estás comigo *made by homo sapiens*, por exemplo, penetra no noso máis profundo anhelo...

e agora estou no centro desa campá e ti estás comigo ...dun planeta limpo e de abundancia

porque agora estou no centro desa campá unha adaptación das loucas aventuras do barón Munchhausen...

e ti estás comigo ...desfacéndose da autoridade

ha de ser que quero que saibas que, de todas aquelas viaxes —a dorsal atlántica coa que hoxe respiro, a area que comín, as algas do meu pelo e a infamia,

que tanto relucía no poema primeiro—
a miña intemperanza rapinou para ti unha grande historia
unha historia que di así:

[*intemperanza*]

Eu tiña unha grande historia que contarvos. Unha historia que revelaba un tempo e un lugar e alguén, creo que era un home, qué máis dá, ou unha muller, é igual, alguén que abría e pechaba portas, que dicía cousas e escoitaba con máis ou menos paciencia o seu propio existir.

Non sei cómo empezaba a historia, nin cómo acababa. Só sei que era grande, que facía grande a quen a dicía, incluso a min, que non son grande contando historias. Era unha historia que falaba do onte ou do mañá. Non sei. Sei que era grande. Unha grande historia que se gravaría na cara interna dos brazos, aí onde a pel é máis delicada, aí, aí se gravaría. Ou na medula dos ósos. Ou na cana mesma do óso, aí, aí deixaría as súas marcas, no fémur, na derradeira vértebra do colo, no martelo do oído medio...

Era ben grande a historia que eu tiña.

Ben grande.

Pero esquecina toda, de cabo a rabo. E agora non sei qué hago aquí, con esta cara de parva, escribindo]

estibalitz

(* os textos en letra reducida pertencen, máis ou menos, ao folleto informativo do Teatro Negro Ta Fantistika&Pan Optikum na súa visita a Coruña hai varios anos)

Á fin da terra chega o mar, ou o revés, que é como falar do corpo e a alma... Chega o mar a bater no mesmo sangue, aínda que esteas terra a dentro porque as súas azas procuran os cantís dos montes para logo voltar como en devalo sobre o lombo dun lobo... Vento mareiro que leva, como o po nas ás da bolboreta, adherido ás súas escamas transparentes o pole da luz... Porque o mar é unha flor aberta na que o ceo todo se derrama ata a súa raíz máis fonda, alí onde peixes-vagalume atravesan os lodazais do soño, alí onde fica o refugallo das horas como restos dun naufraxio, alí onde se acubilla o imisericorde torbón ou a rexeneración sen fin ... Mar de fondo como fondo dun ollo polo que navegan desesperadas esperanzas ou afoutas aventuras da soidade... Nave que nas augas bota as súas redes e así libra a perentoiira batalla entre o aquí e o alén.

Ollo inmenso e azul, agora de pesadas pálpebras e córnea luxada que ata a meixela conmovida do noso rostro arastras un mar de lágrimas negras onde antes poñias brancos craveis.

E brancos craveis como arrompente dunha onda humana van tamén agora cara a ti, voluntarios da vida... Porque non hai vida sen ti.

Eva Veiga

Compulsión de repetición

Nunca me gustaron os heroes, tanto polos males que os fan necesarios, como polos repartidores de medallas coas que desde o poder narcisista intentan exculpar as súas propias faltas. Tánatos en Galicia: a morte en cada onda.

Para o *Prestige* e mailos outros que o precederon, o mar anhelado é o mar morto. O noso mar representa hoxe a perfecta metáfora das dúas pulsións fundamentais do home: Eros e Tánatos. Estamos a asistir á triste celebración do triunfo da morte: a realización dun desexo disfrazado de catástrofe natural. Deste xeito se disculpan os culpables e alivian responsabilidades os políticos servidores que, fachendosos e sacando proveito, seguen a vivir na realidade virtual que se montaron. E proxectan no outro un estéril e perigoso baleiro: o seu propio oco. Seica o mar pertence a quen o destrúe.

Calquera catástrofe significa ruína, trastorno, con desenlace dramático, e resulta traumática, capaz de retornar, sen palabras, en forma de síntomas ou de comportamentos desviados. Provoca xestos de solidariedade, pero tamén de rabia e frustración. Non podemos aceptar que sería bo esquecer. A ocultación, a incompreensión, o mutismo, son os inimigos a com-

bater, territorio de Tánatos, que conleva o imposible de dicir. A mellor arma é o saber. O saber como terapia, porque só a verdade, mesmo a verdade creativa, nos fai libres.

Fidel Vidal

A foto

Toda a casa estaba na sombra. O lugar fedía. Abriu a porta sentindo o desacougo nas entrañas. Resultáballe desolador regresar alí, logo do que sucedera. En canto deu os primeiros pasos, os zapatos afundíronselle naquel piche pastoso, pegándoselle ao chan. Lanzou unha ollada rápida sobre a estancia e sentiu un arreguizo. O peor non era o que se entendía diante dos seus ollos. O peor era que cheiraba a morte e a soidade. Inquedo, chamou pola muller, que espreitaba desde fóra. A visión era desoladora. O chapapote entrara pola porta e polas ventás e agora cubría todo, coma un manto suave e homexéneo: o chan, a lareira, as alacenas, as cadeiras, as despensas, os armarios, as mantas, os coitelos, a louza, as colchas. Todo estaba sepultado baixo aquel manto negro. Salvo aquela pasta negra, non se vía cousa ningunha.

Sen embargo, nunha esquina, ben visible, coma se fose unha mala xogada do destino, estaba a foto da filla. A foto que perderan pouco despois da súa morte e da que nunca máis souberan. Cousas do azar, o chapapote, co seu alento necrolóxico, dera con ela, coma se quixese axustar contas co tempo.

Sentiron unha dor punzante no corazón. Ningún dos dous podía retirar a vista daquela maldita foto reaparecida. Enmarcada en prata, alí estaba a súa nena,

sorrindo e recibindo aquel premio das mans do presidente Fraga Iribarne. El sentiu moito frío e rompeu a chorar. Ela pasoulle o brazo por enriba dos ombreiros. Maldito chapapote. A morte sempre busca a morte.

Fran Alonso

O vello Sinbad nunva volveu ás illas

Sinbad, canso de que ninguén acreditara nas súas historias, deixou a casa de Bolanda para volver ás Illas. Así foi como chegou ás Cíes, onde noutros tempos batallara cos deuses que a habitaban. Lembrou ó Polbo de Dúas Cabezas, abatido polo seu arpón baleiro, ou á Ninfa Loura, que quixo seducilo con engados e feitizos. Puidera con todos. Quería atopalos de novo, volver medir a súa espada con eles. Por iso Sinbad volveu ás Illas.

Pero cando ía chegar, unha onda xigante e escura botoulle a nao millas para fóra. Sinbad, que xa as pasara todas na boca de Sherezade, no bico de Cunqueiro, sairía tamén victorioso deste lance mariño. Volveu poñer proa ás Illas. Pero a onda negra recendo noxento de boca animal estragado estrume víscera residuo vergonza industria noxo, atrapouno, varándoo no medio do mar, enchoupadas as madeiras da súa nave naquel negro espeso fociño infectado de besta mariña morta. Frustrado, Sinbad ficou dentro do barco, sen poder achegarse ás Illas. Vello, desgastado. Enfermo. Xa non habitaba ninguén nas Cíes. Xa todos estaban mortos antes de que el os matase. Quizais nada do que contaban os libros era certo e a morte, grande e soberbia, era a única que vivía nas Illas.

Francisco Castro

Literatura en tempos de cólera

VOZ DA HISTORIA: ...¿e non sería unha desas historias que semellan soños, e das que ninguén quere crer que sexan verdadeiras; e precisamente por iso se empeñan en dicir que son meros contos contados por contistas, e que por moi reais que foran nalgún tempo, ninguén quere crer na súa existencia...?

ADELINA: ¿Que é esa voz? ¡Da medo!

VOZ DA HISTORIA: ...¿e non sería un daqueles feitos que ocorreron algunha vez, nalgún tempo, mais porque pasaron aos libros de historia, ninguén pensa nos seres humanos que protagonizaron eses incidentes, pois xa hai moito tempo que sufriron e choraron...?

ADELINA: ¡Tristán! ¿Que quere dicir isto? Teño moito medo...

VOZ DA HISTORIA: ...¿e non sería un deses sucedidos que pareceron espantosos mentres ocorreron, pero que máis adiante ninguén considerou tan horribles, xa que despois pasaron cousas mil veces máis sanguentas...?

ADELINA: ¡Por favor, Tristán! Non quero oír esa voz...

VOZ DA HISTORIA: ...ás veces non se lembran, e non sabes se eran soños... Mais a historia do escudo é certa... trátase do escudo da Casa dos Desherdados e Refuxiados... é un escudo sen armas, únicamente leva a imaxe dunha bágoa...

Heidi Kühn-Bode

Oración polo alemán de Camelle

Oín falar que vivías labrando os cons abeirado do mar exaltado e convertendo en arte os teus debezos, a túa fasquía e a túa alma toda. Oín dicir que viñas de moi lonxe e que te fixeches de verdade entre os solpores de Camelle.

Agora os teus eidos teñen forma de camposanto e a túa ausencia grita no negro que se espallou polo chan, grita no negro que turbou a túa vista, grita no negro sudario que se teceu para ti e para os teus irmáns galegos.

Eu non te coñecía, alemán de Camelle, pero lembro como se che encolleu o corpo cando viches entrar o alcatrán ata o prato da túa sopa, ata as xenxivas da túa boca xa con forma de despedida.

Rezo por ti, alemán de Camelle, rezo ao pé das túas rochas e das túas naos danzando. Lembro as túas formas subíndome á *Pedrera* de Gaudí e sobre todo aloumiño coa miña man a túa ferida, os teus ollos que o viron todo negro, todas as praias aniñando no teu corazón, toda a dor concentrada no teu arrepío, toda a impotencia tecida nos teus brazos, todo o abandono esculpido nas pezas do teu museo, do noso museo, alemán, man, home, galego, amigo, compañeiro.

Henrique Rabuñal

A mar ferida

Ía e viña a mar
a mar ía e viña
como van e veñen
un tras doutro os días
ía a mar e viña
a mar viña e ía

Vagas altas e rizas
 estourando imponentes
 como calquera día
da miña mareira vida
 como calquera día
a mar ía e viña

Ía e viña a miña amiga
a miña vida ía e viña
batendo contra os coídos
contra os cons e contra a area
a mar miña ía e viña
ía e viña a amada miña

Pero ai
non era o de sempre o seu son
que había nel coma sombras
de queixume
queixábase a mar miña

mentres ía e viña
mentres viña e ía

E axiña vin
que enferma estaba
dun negro mal
axiña souben
que o meu amor viña ferido

Que malia tanto amala
bicar a mar non podía
nin agarimar sequera
a frescura de encaixe
dos seus salseiros
pois viña a amada miña
de negrura envelenada

Con tan visguenta desgracia viña
con tan escura doenza
que nin gozar puiden
do orballo salgado
co que me agasalla sempre
nos rompentes

Non puiden
non
e maila que no seu ir e vir non laiase
traía sombras de queixume o seu son

isidro novo
(31 decembro 2002)

Información light (baixa en alcatrán)

Raios catódicos
e ondas hertzianas
con soles e mares traídos
do remoto país das fadas

Para non turbarnos o sosego
son quen de falar
de pequeno lamparón
cando borranchos de noite pecha
enzoufan o azul salgado

Para non turbarnos o sosego
para non alarmarnos
son capaces de promulgar un decreto
no que a negra sexa declarada
cor clara alegre e luminosa

Para non desvelarnos
para que sigamos no noso perenne letargo
non dubidan en converter
coa súa variña máxica
en bágoas de ledicia agradecida
as que foron verquidas
pola desolación

Para que sigamos durmindo
e o noso letargo non teña fin
para que sigamos téndolles fe cega
non lles importa cegar a verdade
nin tampouco lles importa
cegarnos de todo a nós

Para que sigamos a terlles fe
eles que unicamente queren os nosos amenes
son capaces de calquera sacrificio
e por eso non comprenden
que non apreciamos os seus esforzos
por pintarnos o espanto de esplendor

Non comprenden
que non comprendamos
as súas mentiras piadosas
que non agradezamos
o seu amoroso coidado
e a súa extremada delicadeza

isidro novo
(xaneiro 2003)

O profeta Xonás vomitado na praia de Montalvo

Os antigos profetas tiñan revelacións de misións celestiais, e mesmo algún como Xonás chegou a fuxir delas, navegando en dirección oposta á cidade onde debía cumprir a misión que Deus lle encomendara. Ante tal ousadía estoupara a carraxe diviña, botando sobre o navío unha grande tempestade. Os mariñeiros, co medo de que o barco quebrase, tentan calmar a Deus para que amainasen logo as ondas que ían partir en dous o barco, collendo a aquel que provocara a borrasca e botándoo como sacrificio ó mar.

Entón chegou a calma, cesando a furia do mar.

Con todo, destinou Deus que unha balea engulise axiña ó profeta guindado ás ondas da tormenta, e no ventre da balea pregou Xonás arreo ata que Deus, compadecido, mandou á balea vomitalo na terra.

Hoxe, nunha praia de Sanxenxo, inmensamente lonxe do seu hábitat, fica varada unha cachalote femia. Co negro chapapote e unha cría de dous metros no ventre, petroleada pola carraxe dos que xogan a se crer deus. Mellor que os profetas todos do fuel tivesen sido botados ó mar dende o barco e engulidos por unha balea. Sen dar eles, por compasión, saído do seu ventre endexamais.

Laura Caveiro

Ventos libres zoan

I

Temos o corazón petroleado
pola gueivotas negras do desprezo.
Canto tempo máis aturaremos este cravo
na cunca violentada da nosa man?
Nas rosas anguriadas medraron as espiñas,
e cobriu-se o ceo de espavoridas pombas.
Non pode a dor cegar os nosos ollos,
nen meter-nos nos escuros tempos
da bágoa colectiva
—ela chorou por todos e para sempre—.
Non poderán os transformistas
da tinta e da pantalla
meter-nos no cerebro o silencio desta Terra
fronte ás voces potenciadas do impostor.

II

Mais outros ventos inzan hoxe
a nova marusia,
nacidos dese mar escurecido pola aldraxe,
anovados coa luz xurdida
na cinza das mentiras.
Ventos libres son,
a zoar na conciencia colectiva
dun país de noso,
nación alborexada e limpa de negruras..

Aquí somos NÓS, NÓS sempre,
galegos e galegas orgullosas
baixo a bandeira altiva do NUNCA MÁIS,
ronsel das esperanzas.

Lois Diéguez
Xaneiro 2003

O mar chámase Burla Negra

... E será a épica da necesidade.
Os abandonados polos que deberan
levar o temón na fatalidade
un motín declaran. Furias xusticeiras.

Non ben apagaron as grosas mentiras
da caixa de imaxes que estaba a rosmar,
os homes da ría organizan a ira.
Son titáns anónimos lanzados ó mar.

O fuel lamacento agárdaos flotando
no lombo da ondaxe que o vento alporiza.
Só teñen as mans se queren pillalo,
e as mans van usar, con présa maldita.

Nubes estadías e un túrxido ceo
conspiran en contra ocultando o sol.
A mariñeiría vence entón o medo
prendendo no sangue lapas de furor.

Iluminan todo coa luz do facho
dos fusilamentos que Goya pintara.
As lanchas e os botes rañan nese asfalto
coa teimosía dunha Armada brava.

E hai nesa flota tamén bateeiros.
E teñen culleres que queren xantar

a crema podrida regalo do demo
que de nós se mofa, desde o seu altar.

A Armada máis brava, contra a burla negra.
En guerra sen mando, porque non existe
un goberno ausente que caza na serra
osiños e gamos. Pobo meu, resiste.

Deixáronnos sós na cerna do frío.
Mais vós non chorastes: o océano ten
demasiado pranto. Vós, aterecidos,
caloriña dades, obreiros da fe.

E ides á protesta con centos de miles
que din: “Nunca máis”, para que soñemos
que é bo o home, que o home vive
dentro da esperanza, contra o esquezo.

Así volveredes coller entre as mans
o mar destas praias limpo coma outrora.
E mollade a cara. A do mar é a paz
onde somos libres, alén da memoria.

Luís Rei Núñez

Indíxena da civilización

I

Nada está dito

O alemán só falaba na lingua dos ollos
e o mar tampouco era moi dado ás palabras

Por exceso ou por defeito

a comunicación eran as penas:

un tamaño, unha forma concreta

un pouco de cemento para dar consistencia

ao factor humano ante a indiferencia das ondas
extraviadas como virxes ao arrouto

como cartas orgullosas que nada quixesen dicir

Porque nada está dito

O alemán podía permitirse a inocencia

de saber en que se equivocaban as visitas

que viñan entregarlle o asombro valeiro

dun outro mar civilizado

pero igual de xordo ante as portas da vida

Só que nada está dito

As penas mudas de magma

puderon agochar as plantas máis salgadas

nun miragre de nais estériles

O alemán acumulou en minúsculas proporcións

todos os seres con cadanseu punto exclusivo

no universo inhóspito

intanxíbel e estendido

na creba da existencia

A creba dese océano aínda por formar
na parte silenciosa
mente humana
a civilización que un día confundiu
as dúas mans do mar:
a que mata e a que forma
a forma
un home
(Man)

II

Man vestido:

A lingua era unha gravata complicada en idioma
[teutón
unha maleta sen soños na que pesaban as mudas
[sen lavar
porque a auga do mar non lava ben o peso da
[civilización
A gravata era unha lingua complicada para tanta
[orfandade
A lingua, un accidente imprevisto no curso dos tempos
o amor, o curso dos tempos que se desvíaa cara ao
[mesmo lugar

O corpo veu un día de visita distraído entre as
[negativas á vida
pero sen o horario que a educación impón á soedade
Man vestido era un vaso vacío
que se desborda inexplicabelmente
Talvez as ondas do mar na súa lascivia
o invitasen a espirse con pudor ante a multitude
arelante e espantada no seu pavor popular
finalmente escondida por canseira ou rutina
entre as follas dos calendarios
nas tillas das bucetas

tras o abano dos naipes sen triunfos
que os mariñeiros descarregan no bar cando regresan

O número final do striptease ficou detido como un
[apagón
na liña medular do tendido eléctrico ao meiodía
Non houbo focos que apagasen a luz constante do corpo
entregado ao naufraxio permanentemente adiado,
día tras día, ano tras ano,
en que as ondas lle traían o diario recambio da morte
como quen lle deixa o pan e algún que outro alimento
Até que o corpo e o veneno derramado
polo vaso roto da ambición civilizada
fixeron causa común
para vestirlle de negro a alma.

Luísa Villalta

O espanto

Nunca máis se falou daquel caso. A imaxe era tan terrible que aínda hoxe, a pesar dos anos, téñoa gravada nas mentes como a terán os demais. Pero ninguén volveu falar do caso, coma se houbera un acordo entre todos. Viñamos do “Irish Box”, de facer por certo unha boa marea, cando atopamos na ruta un illote, un xeito de peñón que emerxía das augas, algo que alí non podía ser. Achegámonos a ver, e resultou se-la proa dun barco de ferro, polas trazas un bou grandeiro, que aboiaba en vertical sen afondar de todo. Unha visión de espanto que arrepiou á xente, pois era de pensar que alí dentro podía haber aínda tripulantes con vida. Todos fomos collidos por unha agonizante sensación de impotencia. O único que se puido facer, e que se fixo con desesperación mentres navegábamos en círculo, foi lanzar un SOS coa clave de “Barco descoñecido en transo de naufraxio”, e da-la situación repetidamente. A noite era chegada e houbo que marchar. Eu dei, bagoxando, varios toques de sirena tanto en sinal de despedida como de dó, e a bordo todos choraban, compadecidos. Penso que tal vez fose por esa febleza, a de estarmos chorando, que non se volveu falar do caso. Cando xa, noite pecha, dispuxen a moita hora ir durmir un pouco, fun bater con alguén que choraba ás agachadas, aló acurrado no máis escuro. Era o Lucho, daquela aínda un rapaz. “Non chores, neno, non chores”, fixen por consolalo.

Lucho, avergoñado, tentou desculpa-las súas bágoas: “Eu choro por eles, patrón, pero tamén choro por nós”. E non puiden menos que darlle unha aperta, chorando eu tamén.

Manoel Riveiro Loureiro

Outro mar

Non sei ata qué punto agora será lícito
poñer a voz no azul,
rememorar o lirio,
pero vou insistir unha vez máis no mar:
que volva ser aquel con unha illa propia
e o ouro do mundo
caendo das túas mans para facerse area.

Non sei ata qué punto será moral agora
falar da transparencia,
dos pasos confiados entregados ás augas,
do roubo do diamante no refluxo do caos
cando o rito dos homes pide casa de paz
e a tarde ensombrece os paxaros de lume
e caen nos abismos as tristezas sen fondo
e somos o castigo en todos os diluvios.

Non sei se será lícito
falar hoxe dos cisnes
ou con verba sanguínea recrear unha rosa.

Pero aquel mar foi teu un día alto
revelado en segredos que ti sabes,
No teu azar mellor, na nosa ollada.
E foi capaz dun canto,
dunha palma de música sen límites,

dun vaso rebordante de lúa e adolescencia.
Un espacio en tumulto de aventura.

Cando todo é certeza deste signo,
clima contrario, estrato de miseria,
beiramar terminal, plancto defunto,
non sei cómo dicilo,
cómo pechar a tarde e a palabra
e maxinar o corpo da mimosa.

Pero aquel mar foi teu:
alzaba proas, torres, luces, pulsos.
Traía a flor futura. Abría un libro.

Debería a esperanza ter en conta
a túa singradura,
o teu astro de sal, a blusa branca,
vir aínda nas augas daquel tempo
onde os signos da vida repetían
e mollábache os pés a Primavera.

Manuel Álvarez Torneiro

Épica de piche

Daquela foi chegado o tempo da marea
E o mar dispuxo borras noxentas de petróleo,
Molesto hidrocarburo pairando sobre as ondas
E xofre que extraeran do centro dos infernos.
Un barco que afundiran, ineptos, baixo as augas,
Políticos sen rumbo, deitaba un manancial
De sarrío, de charrizo.
E as augas devalaban baixo un pouso de feces.
Cumpríronse daquela as vellas profecías,
Agoiros que xurdiran dun soño de naufraxios
E foi chegado entón, do fondo da marea,
O exército de Artur, a frota derrubada
Do rei Dom Sebastião,
E o pobo soubo estar atento a ese celeste
Sinal e concentrado na loita que esixía
A épica da terra. E así tivo lugar
A súpeta revolta, un río de motíns
E torres que brincaron, incertas na firmeza
Do chan que as sustentaba.
E así foron chegados sinais de que mudaban
Os tempos e empezaba, celeste, a rebelión.
Daquela alguén dispuxo un ramo de loureiro:
—“¿Están ou non están dispostos estes homes,
dispostas as mulleres, a abriren cos seus brazos,
co ímpeto da terra, un sulco nestas augas?”
E voces que se oían propuñan clausurar

O océano e abrir un círculo de néboa.
Así que abandonamos as casas e fuximos
Por rochas e areais, salvando acaso aves,
Toniñas afogadas en plásticos de esterco,
Dispondo aquela pátina terrible de betún
En cestos e canastros.
—“ ¡Galicia, meu país!, ¿será por fin verdade,
Despois de tantos séculos, que os días que hoxe chegan,
Sumidos no clamor dos fumes da desfeita,
Serán de certo a porta que inicie ese camiño
De volta, de regreso,
E que este grave estrago un día ha converterse
en nota dun acorde de xúbilo, de triunfo?”
E voces que brotaban do pobo no naufraxio
Falaban de vinganza, renuncias, cesamentos.
¡Galicia, meu país! Que, sendo, pois, chegados
Sinais de que xa mudan os tempos, se inaugure,
Celeste, a rebelión

Manuel Forcadela

Verbas ao mar*

Esta tarde están baixas as nubes
e é a cor do mar como a da cinza.

Os berros salvaxes das gaivotas
semellan coiteladas
que fan escoar o corazón da tarde.

Hai quen trabuca doadamente
a mensura do mar coa inmensidade.

Eu de min só sei dicir
que o mar comenza no meu sangue.
O que non sei
é se o mar caberá na miña alma.

Manuel María

**Antes da trágica monstruosidade do "Prestige" e das precedentes-*

Negra maré

*O lobo do deserto
perdeu a tuz voz,
e a auga clara da túa man
non apaga a saudade revertida.*

Antón Avilés de Taramancos

Palabras son de calquera día tempo que incendia
[lambida luz,
pasaxeira paixón e tímida témera canción para
[denunciar non submisión,
silencio para que saibas amigo na habitada
[habitación, agora neste corredor
habitado por qué non sei morte para sabermos que o
[ouvido
que fomos non entende silencio a penas nos
[pronomes,
esta ecuación sosegada no derradeiro íntimo do nós.
Non paga a pena dicir arpa, lira ou violín silente,
[nin tempo que pendura
na miseria gris das estancias,
para ser e non ser se somos, lirios enchoupados que
[han ser semente
despois da barbarie que quixo soterrar a luz que
[viña en flor de mar amante
amado. Eran illas recén inventadas en horas
[extraviadas e barcos pantasma,

esquecedume en milleiros de estafafas de burgués
[latrocinio
que devala cruel en sedente semento mar, que sabe
[de si vocábulos cántiga
e non denuncia a podremia, outra mesma ecuación,
sen vir a obsecrar senón a esixir dende a liberdade,
[nación solidaria,
antigos afogados de bocas comestas, ollos concas
[baleiras en océano
alcatranado, ferido de mediodías en cor que a poesía
[da flor dixo Mallarmé
para que os pronomes sempre *in nómine* nunca
[ignorado denunciem miseria
colonial que foi e sabemos a loucura tirana
[enmudecedora do chapapote,
singradura, que non poema, caderno de bitácora,
[atentos lexemas
a clamar revolución de caraveis que saben e sei.

Manuel Vidal Villaverde

Aquel día non o puideron evitar. En lugar de fuxir despavorido para casa, como outras veces, fiquei agochado entre unhas moreas de pizarra. Ao lonxe vin como cruzaba a ponte vella co seu paso longo, e ía achegándose ao chao da Torre. Levaba moito tempo agardando aquel momento. Tiña que velo de perto. Cando baixaba á Pobra, todos procuraban arredarse del. Axiña comezaba a correrse a voz entre os rapaces da vila: ¡Ven o Toriano! En poucos minutos as rúas quedaban case desertas.

Na escola contaban del historias arrepiantes, seguramente froito da imaxinación dos cativos, ou da dos seus pais, que utilizaban a figura do tolo para asustalos, como se dun home do saco vivente se tratase.

Cando pasou ao meu rente, decateime de que aínda que non estivese agochado non me vería. Levaba a cabeza esaxeradamente ergueita, cunha ollada de arrogancia e raiba fixa no horizonte. Coido que era o home máis alto que tiña visto... aquel enorme narís corvo, a súa cara longa e enxoita...

Unha noite de inverno entrou como decote polo callexón da praza. Ía mercar provisións á taberna do Goras. Vino todo desde a galería da casa. Ignoraba que ao final estaba a agardalo Eiras, o alguacil, un home goso e forte, o único que podía ser quen de facerlle fronte. Con todo apreixouno con forza polas costas e de seguido guindáronse enriba tres ou catro gardas que o esposaron e o meteron nun “mil quinientos” negro. Meu irmao contábame que no manicomio os tolos pasaban o día a pelar patacas, e que unicamente lles

daban por alimento pan reseso e auga; algo que eu non entendía e que me producía unha inmensa angustia. Meses despois, estando eu pasmado ollando o escaparate da relojería, alguén me falou por detrás con voz doce. Era el. Tiven medo. Non lembro o que dixo, pero si que tiña a mirada triste e a cabeza abaxada. O fillo de Goras contoume que xa curaran ao Toriano. Un mes despois topárono morto na casa...

Nestes tempos de protesta social, a teimosa lembranza deste coitado recordo de infancia poalla as miñas cavilacións. Non será que a xenreira, que é a dignidade vital de xente como Toriano, é hoxe o único camiño que pode preservar unha existencia digna para o noso pobo? Que non nos tiren nunca máis esta tolemia...

Marcos Seixo Pastor

Filla a alta casa do mar ten a porta fechada, as contras botadas. Xa non entran raiolas do sol e o ceo non bate no teito.

Madre as flores do amigo tinxidas agroman mouras da mar e lágrimas choran os nosos ollos.

Filla a batalla na entrada da ría. Naves que pousan redes mans que arrincan dores. Non son filla, non, flores. Son afrontas.

Madre ciscar candeas na praia. Roubáronnos os soños. Bailar en cos, enterrar o pé na area.

Filla tiráronnos o pan. Longueiróns ameixas croques non apaña o arado, a sementeira das nosas mans.

Madre fuxiron as palabras. Van nos brazos, nos ollos dos amigos alá no mar. Afouteza e rabia Madre.

Filla xa o cervo non irá morrer ao mar. A ondas do mar salido levan o facho da nosa identidade.

Nas ondas do mar levado lábaros de liberdade. Madre son barqueira e sei remar.

Marga do Val

I

E preciso deixar memoria,
desfacendo a loucura
e a sinrazón, o medo,
a codicia e a ineptitude
dos que no entenden da beleza.
Deixar memoria do sencillo
e do rutinario,
das vivencias ancestrais das nosas vidas.
E preciso, urxente, que ninguén
esqueza a magnitude
do silencio, do sofrimento,
da desfeita da luz, do tremor
que orixinaron as areas mortas.
E preciso do amor que marca
a nosa existencia desdibuxada
pola brétema envolvente da nada.

II

Nós temos a capacidade de converter
a dúbida en certeza.
Temos a posibilidade
de atopar o contexto da lúa
aínda que sexa unha utopía.
E temos a forza de conquistar
en loita permanente co desexo
unha historia nova para un mundo novo.

M^a do Carme Kruckenberg (Xaneiro 2003)

Poema de amor¹

¿Cómo se estende a mancha? æIgal que o amor.

Negar o azul é máis que nomealo.
Non falarei do mar: xa non se pode.

Para abolir o azar, dados redondos.

Os vellos e os cativos demóranse nos sucos.

Logo a pel tacha a pel
para esconder as partes vulnerables
ou vai pousando brancos por onde ninguén sabe.

A redeira abre as palmas. Quere amosar as fendas.

O negro só chegou para facer o dano máis visible.

As contraccións do parto
repite a frecuencia que se escoita
por detrás das estrelas:
un ruxido de fondo, o non creado.

1 “Amor: pequeno conxunto de asteroides que viaxan a menos de 1,3 u.a. do sol. Existen arredor de 500. A probabilidade dunha colisión coa terra é de 0,001 por millón de anos”.

Podémoslle chamar psicofonía,
porque hai almas no ceo
pero non xunto a Deus, que está debaixo.

Fóra da terra o tempo abraza o tempo.

Cando estoupan as naves o universo dubida.

As pegadas fan quente a luz da lúa.
As galaxias expándense.

Algúns buratos negros aprenden a falar.

A conquista do espacio é reversible.
Os imperios non teñen interior.

O azul só ten lugar fóra do tempo.

María do Cebreiro

se o mar morrer o son da caracola
perderase no eco que non volve
se o mar morrer non quedarán metáforas
para o amor para a morte para a vida
se o mar morrer os ríos suicidas
coma min nos teus ollos cara ao mar...

Marica Campo

os nomes a voces

Nemiña, Niñóns, as Negras
Udra

Nasa, Nave, Punta Nariga,
Camariñas, Carnota, Corcubión
Arnela, Aldán, Aguiño

Malpica, Matomao, Muxía,
Areamaior, Arneliña
Ínsua
Sardiñeiro, Sisargas, Silleiro

se cala a miña voz ou se eu enmudezco
se tapian as fontes do grito
cun entullo de imposturas
segurán falando os nomes
a voces

berrarán desde o mapa desde o vao
Novelle, Uña de Ferro, Neda, Carbaliza, Adraño
Mallas, Ameixenda, Igrexa, Sembra

tomarán prestados serras ríos regos
Nemancos, Ulla, Narón, Cuño, Amarela
Morpeguite, Arneliña, Irixoa, Setegrixas

Marilar Aleixandre

Mougás

Do mar
vén hoxe a noite e a chuva
desde as pedras perdidas no encontro da auga,
desde as crinas das ondas rotas contra o vento.

Do mar
vén hoxe a noite e a furia,
o negro vendaval co seu rezo ferinte
a ansia humana de fuxir para sempre.

Do mar
vén hoxe a noite e a voz
un pranto de sereas enloitadas e mortas
un berro espantoso de peixes atrapados.

Do mar
vén hoxe a noite e o medo,
o pavor dun tempo que nos nega e nos funde
o pánico das horas enchoupadas por sempre.

Marta Dacosta
Decembro 2002

Poema 1:

Despois de mirar ao mar,
xa non se pode ser inocente.

Vólveste,
e cada paso borra un paxaro da memoria.

Poema 2:

...

o vento, frío, que sobe do mar á noite e deixa perda só

latexo

Miguel Sande

“Nuno”

Dos catro ríos de Hades, do inferno mitolóxico,
corre máis falsidade polas veas do Océano,
pois pode recibirte co sorriso nos labios
mentres pensa un veneno para a túa alegría,
por iso nunca, nunca lle leves agasallos.

Miro Villar

Pillas

A miña illa non está nas cartas mariñas, nin moito menos nos atlas, aínda que ten tamaño suficiente. A partir dos gregos omitírona por razóns descoñecidas, mais útiles e prácticas: iso convén.

Eu chego á illa en catro ou seis horas de lancha, segundo estea o mar. Os habitantes réndenme innecesario acatamento. Son xente boa, limpa, nada interesada e pouco traballadora. Na primavera recollen os froitos da terra e do mar, das pesqueiras que non sementaron. No verán sentan á raxeira e dormen moito e báñanse: só ata o van. No outono miran os solpores e amañan os tenues tellados e calafatean as lanchiñas. No inverno péchanse nas precarias casas e gozan das lareiras e teñen sempre prendidos os televisores, aínda que ningunha emisión chega aló.

Raramente veñen de visita ao continente: non saben dicir quen son nin como se chama o seu lugar. Que a miña illa non ten nome nin electricidade. Resultan todos analfabetos, mais os fillos son roxos e teñen a pel moi soleirosa.

Chea a illa está de carballeiras e de fragas, agás o lugar alto onde teño a casa, abandonada case sempre.

Nunca te levarei á miña illa, puta.

Nacho Taibo

Os homes necios enloitaron o mar
facendo da beleza
un pálpito voraz. Enxendrado por
cerebros iracundos de soberbia,
sombros ameazantes
de esqueletos secos
de bágoas.

Os homes necios,
voces motorizadas
de arestas perversas
queren
un mundo con cheiro a podremia.

Os homes necios
non contan
co berro sabio da bandada
que terma a esperanza:

*¡Quero move-lo vento,
non me silencies!*

Olga Patiño Nogueira

Hei de escribir un poema-mensaxe
dentro dunha botella que navega
dentro dunha botella ches de
area
pedras
cunchas
auga de mar bravío
sen unha gota de piche

como se Lugrís ancorara na miña man

Paco Souto

Por veces, o real envólveme
coa súa túnica de sentidos.
Renace o meu corpo de muller
desde o fondo mariño
como o sinuoso peixe que atravesa vertical
o ancho muro líquido
para furar cos seus labios
o cristal que o afasta do ceo.
Asomo desde o interior dos ollos para arder nas faíscas
[do sol,
que repousa como un balón na estante do horizonte.
Son a miña soidade de muller
repleta dunha palabra, morte,
—porque a morte non é máis que unha palabra—,
son o mar que morre en estraña agonía veloz,
despedíndose dos farallóns, dos cons, das illas,
do alento vital das marés,
da brisa mareira como paisaxe,
da xeometría incomprendible das nubes.
O mar retírase comigo, fragmentándose en océanos,
súmese polo desaugadoiro do ceo,
que o aspira como un sutil arrecendo salgado
de lágrima quente e inevitable.

Paulino Pereira
Do poemario “Morte do mar”.

Todo a conterme

Deuses mariños arden enredados
nas copas da soedade que se toca.
As naves obstinadas fluctúan en neblinas
nos mariñeiros signos ancestrais.

Lonxe están os peiraos dos camiños
da mar, e os fumes adormentan
espirais esfinxes, abatidos
nunha cidade sen contornos.
Alguén acende as luces.
Os fareiros noitámbulos vixían
bébedos polo sono. A soedade. A vida...
O ollo multicolor dos faros polo mar
fai oscilar as zángolas
infinitas das sombras.

Ninguén sabe onde queda a area branca.
Onde, a terra da costa presentida
das praias, das palmeiras.
Onde, as aves graciosas acochadas. Onde
o costado do mar iridescente
e o color das escumas, remordendo
a soedade encalmada das mareas.

Cambeante eternidade que me tunde,
doime o misterio. Os mundos me limitan.

Pero amo estas salgadas, duras ondas.
Este deserto azul. A area branca...
A dor do amor. Do mar. ¡Todo a conterme!

Pura Vázquez
De “*Man que escribiu no mar*”.

Costa da Morte

(1)

Hai un mar e unha terra dentro do mar que se crava fonda como unha espora, e un silencio que ás veces é un látego escintilante ao corazón da noite inmensa.

Somos esa vida desangrada tras os vidros manchados de argazo. Os nosos ollos nacen ao inverno e ao espanto como nós á loucura e ao berro. Perdidos faros alumean para sempre a nosa ruta afundida.

Hai un mar de terra empuñada vomitando lume en nós. Unha dor antiga que nos queima. Un horizonte cego. Unha soidade. Somos como a ardora e o naufraxio, e navegamos calquera vento imposible.

Entre a terra e o mar só os nosos corpos ferozmente amarrados.

(2)

Porque somos tan de medo, tan acabados de vencer, fechamos portas e convocamos o silencio a

golpes de campá como o recordo do lume baleirándonos, escarvándonos, se cadra sucumbíndonos, pero sempre a golpes de campá.

A pequena igrexa, o adro cheo de xente o día da festa, as flores para o santo e o latexar compasado dunha campá na memoria. Distinta ao tempo do medo, do rebumbio, da axitación, do perigo. Porque no mar tamén se arde, tamén. E temos medo.

Medo á terra negra, á chuvia da terra negra. Medo de todo o que nos lembre que somos vulnerábeis, ou digo débeis, ou sexa nada ou case nada para as voltas do mundo. Un vira-vira atolado que nos leva á súa vontade, case contra nós.

De aí o medo. De aí o silencio rescatado. De aí nós, náufragos dunha sorte maldita. Co frío entre as costelas.

Rafa Villar

Manifesto lido na capela da Nosa Señora da Lanzada o día 22 de xaneiro do 2.003

Compañeiras e compañeiros:

Desde aquí, desde esta fermosa praia da Lanzada, un dos espacios máis singulares de Galiza, onde se acobilla unha das máis fermosas tradicións transmitidas polos nosos antergos: a do baño das nove ondas, expresión do mar como forza xeneradora da vida que todos vimos de rememorar coas nosas mans unidas, como celebración compartida da vida que nace e resucita no medio das catástrofes máis negras. Desde aquí, perto do Con Negro tinguido polo chapapote, coa vista no areal salferido repetidamente polo fuel; fronte da illa de Ons, parte do parque natural atlántico arrasado pola contaminación e a incompetencia, queremos lembrar todos xuntos, rapazas, rapaces e mestres —comunidade educativa que ten que ser tamén, co noso esforzo, a forza nacente dun futuro máis limpo e mellor—, a todos os nosos compañeiros de toda Galiza, que, xunto coas mulleres e os homes do noso mar, se atopan neste mesmo instante manifestándose na nosa tan querida e tan castigada Costa da Morte, de Laxe a Muxía, e en tantos outros lugares.

Queremos unir a nosa voz a todas as voces que desde o fatídico trece de Novembro se ergueron en todo o noso país e fóra. Voces de tristeza, de raiba, de protesta, de indignación; voces en demanda de xusti-

za que racharon coa cobardía e coa deserción dunhas autoridades que non souberon estar á altura do desafío que nos impuxo este desastre, nin da sociedade á que din representar e que pasou axiña por diante deles, na defensa do seu mar e da súa dignidade aldraxados. Desde aquel día trece de Novembro vemos esmorecer as nosas costas, as nosas paisaxes, os nosos portos; pero tamén, a diferenza de outras ocasións e de outras feridas, desde aquel día os galegos berramos. Berramos alto e forte, como dicía o noso paisano Cabanillas que había que berrar. Berramos: *¡Nunca máis!* E desta vez ninguén será quen de calarnos.

Nesta marea de tristeza, pero tamén de dignidade solidaria, queremos participar nós, a comunidade educativa da Arousa e do Salnés, con toda a nosa forza: a forza da mocidade, a forza do futuro. Queremos ser tratados con dignidade, xustiza e respecto.

Queremos a dimisión dos responsables desta desfeita e a aclaración pública das responsabilidades de todos os implicados nela, para que leven a profundos cambios xurídicos e á dotación dos medios precisos para que a catástrofe do *Prestige* sexa a derradeira das catástrofes.

Queremos o restablecemento da calidade ambiental e a finalización dos verquidos sen ralear custes económicas, porque a calidade de vida das xeracións futuras debe estar por riba de intereses particulares.

Queremos ser tratados como cidadáns e nunca máis coma súbditos, queremos ser informados con transparencia e non enganados con propaganda e falacias.

Esta non é unha manifestación de loito e de pena, dóenos o noso mar pero máis nos doería aínda o noso

silencio. Esta é unha manifestación de vida e de esperanza. Unha manifestación de determinación e rebeldía fronte a submisión e o abandono.

Hoxe fixemos unha cadea de futuro, de responsabilidade, de esperanza, pero a loita por un mundo e un mar máis limpos aínda esta comezando e será longa. Anunciamos a nosa decisión de termar dela todos xuntos, agora e no tempo do porvir, coa mesma unidade coa que hoxe unimos as nosas mans e as nosas voces para berrar outra volta:

¡NUNCA MÁIS!

*Ramón Caride
Luís Mejuto*

Mal debuxante

Esmorecente e case consumido,
Quixo debuxar o mar
Sobre un folio impoluto,
Para inmortalizar,
Coa súa sinatura,
O seu prestixio.
Pero crebóuselle o despótico lapis,
Liberando de súpeto
Un regueiro
De tinta odiosa
Sobre a paisaxe.
Mal debuxante,
Este pésimo político,
Que, como aquel tirano,
Tentou tocar a lira
Sobre as cinzas da súa patria.

Raúl G. Pato

O centolo pensou unha vez

Ó empardecer o día, Benigno Alvés Vizoso levantouse do leito: nunha sacudida de areas suspensas na atmosfera húmida da súa morada. Emprendeu o diario camiño na procura da vítima que a súa condición de cazador demandaba. Deixou esvarar o corpo, coa habilidade do costume, entre as rochas e as pedras, tal se fose un pequeno globo aerostático a aboiar no aire. E no mesmo tempo da captura devorou a súa presa sen compaixón, porque era un sentimento que non posuía. Foi unha estrela. Cando ela xa non axitaba a simetría dos seus movementos, o rostro de espiñas diverxentes, curtas e grosas, de Avelino Alvés Vizoso se constrinxiu nun xesto de percepción descoñecida. E os pedúnculos oculares miraron sen despracer nin medo (eran sensacións reservadas para outros aconteceres) como toda a líquida luz que o rodeaba sumíase por un vertedoiro, inmenso e negro, a se mover cara el.

Víñalle de espullo e non fuxiu, xa que non tiña por que.

No momento ca súa cuncha sementada de algas e pugas esfregou ao estraño: unha combinación de reaccións químicas descoñecidas trasladoulle nunha evolución de eras. Nun contradevalar de mutacións cognitivas insólito O cal lle permitiu interrogarse sobre o que estaba a pasar.

Súa conducta non prevía a morte nin a memoria, e seus actos tiñan o único fin de alimentarse para reproducir e conservar a especie. Non se sabía nomeado, nin a ninguén puxera nome. Nada lle era posible fora das leis da natureza que mantiñan a vida.

Non obtivo resposta aínda que a recen adquirida cualitividade houbera podido darlla. Antes, derrubouse coma un traxe baleiro: sostido pola percha enfoscada da súa cuncha.

Non soubo así doutra especie, igual de singular que a súa, que era quen de prever as consecuencias dos seus actos, tiña memoria, linguaxe, e agrupaba as cousa en sinais que chamaba conceptos. Era sabedora que había de morrer. Amaba a súa xente, tiña sentimentos independentes das necesidades da supervivencia, e cría que a terra toda fora feita para si. A peor, unha minúscula parte dos seus individuos supoñeran ser donos do que os rodeaba, que das cousas só o lucro contaba, que posuían o dereito ao estrago senón facía mal ao seu peto. Entre a cegueira e a cobiza destruían aquilo que non puidesen vender. Non sabían que se estaban a destruír a eles mesmos.

Hai moitas especies, todas excepciónais. Natureza unha. Elas, partes de esta. Non hai parte sen todo.

FIN

Roque Cameselle

Un espacio para a esperanza

A Miguel (De Lira)

Non sei se me atreva a dicir Ardeleiro, Lira, Ximprón, Carnota. Paréceme unha ousadía nomear voluntariado, e marea negra, e capachos, e fuel, e máscaras de gas, e bocatas, e cabaleiros no pescozo. Dígoo baixiño, con vergoña, coa certeza interior de que por moito que as repita non volverán ter o mesmo significado que antes do 14 de novembro de 2002. Todas estas palabras perderon o sentido previo para se converter en conceptos e espazos próximos. Para ser obxectos e paisaxes da xeografía irregular da alma. A “obrigatoriedade” moral das tarefas de limpeza de fuel na costa (non existe voluntarismo cando non presentan alternativa: ou limpan os voluntarios ou queda sen limpar) provocou que moitas persoas creáramos espazos dos que xa nos sentimos parte. Son eses atlas contaminados por impunidades e negligencias ós que unha marea de dignidade tenta devolver a vida. Os territorios feridos da superficie acuosa da biografía que cada un pestanexa. A rutina provocou que o percorrido sinuoso da estrada de Santiago a Carnota sexa xa un camiño familiar. A pedra e o mar. Como de volta a casa. E o pavillón polideportivo de Carnota no que se establece a cadea de montaxe, a conversión dos individuos en teletubbies de traxe anticontaminación e ollada lánguida. E o coído e o xabre de Ardeleiro, cu-

bertos por unha masa densa e viscosa de morte na que os brazos e a xenreira son a única esperanza de devolver ó mar o seu nome. E as bágoas de desolación. E a impotencia de horas e horas co corpo como tatuaxe nívea no chan para deixar un oco limpo a penas diferente do anterior. E o cansazo. E as mans pegañentas. E o rostro embravecido. E a pel luxada. E a desesperación que reborda os capachos, un material tan mesto que nunca cae nos colectores e acompaña, de comezo ata o fin, coma unha maldición, nas viaxes ó areal. Nas viaxes ó irreal, ó terror de petróleo polo que outros asasinan.

Pero, como en todos os infernos, existe un paraíso como oposición e como salvación. A carpa da confraría de mariñeiros de Lira na que as voluntarias da vila ofrecen cada día comida quente ós centos de voluntarios que retornan das praias supón un espacio para o futuro. Unha luz de esperanza na que compartir nun prato de plástico cun anaco de polo con outros anónimos de sorriso e maniotas significa máis que mil promesas gobernamentais. O único no que crer. Hai un cartel naquel recuncho quente que indica Lira no Corazón. E outros moitos debuxos de fillos de mariñeiros. E fotos de Maribel Longueira. E poemas de Fernández Naval. E recortes de prensa con mentiras que incitan á violencia. E cociñeiras que sorrín despois de dez horas de preparar espaguetis con tomate sen máis salario que unha ovación. E dous nenos que serven o azucre e o leite con vergoña e melancolía. E bandeiras de Nunca Máis. E berros e aplausos ó grupo de bombeiros de Córdoba que marcha derreado e ó colectivo ecoloxista catalán que chega tras dezasete horas de autobús. E a choiva que peta furibunda nas lonas. E os barcos que chegan na noitiña. E o mar

que bate. E as apertas de reencontro ó outro grupo de Adegas co que compartimos areal a fin de semana pasada. E o pastor alemán que ladra por defecto para chamar a atención. E os chandals empapados de suor e o cheiro a aceite no aire. E a amabilidade e o voluntarismo. E un café fervendo para quentar o corpo do frío da intemperie. É a esperanza.

No centro de recollida do Grove hai unha tartaruga mariña petroleada que apareceu nos tramallos dun barco o pasado día 24 de xaneiro. Esa vítima da marea negra leva nome de futuro. Nome de pobo. Nome de país. Chámanlle Lira.

Rosa Aneiros

NUNCA MÁIS
NUNCA MÁIS
NUNCA MAIS
NUNCA MÁIS

Q
U
E

NUNCA MÁIS
NUNCA MÁIS
NUNCA MÁIS
NUNCA MÁIS
NUNCA MÁIS

MÁIS QUE NUNCA: **NUNCA MÁIS**, MÁIS QUE
NUNCA: **NUNCA MÁIS**, MÁIS QUE NUNCA:
NUNCA MÁIS, MÁIS QUE NUNCA: **NUNCA**
MÁIS, MÁIS QUE NUNCA: **NUNCA MÁIS**, MÁIS
QUE NUNCA: **NUNCA MÁIS**, MÁIS QUE NUNCA:
NUNCA MÁIS, MÁIS QUE NUNCA: **¡NUNCA**
MÁIS, **NUNCA MÁIS**, **NUNCA MÁIS**, **NUNCA**
MÁIS, **NUNCA MÁIS**, **NUNCA MÁIS**, **NUNCA**,
MÁIS, **NUNCA MÁIS**, **NUNCA MÁIS**, **NUNCA**
MÁIS, **NUNCA MÁIS**, **NUNCA MÁIS!!!**

Rosa Méndez Fonte

Mar de alma preta (Manifesto)

Erguidos fronte a este mar de noso, vítima do “*crime tan escuro/ de asesñar veleiros triunfadores*” (Antón Avilés de Taramancos: *O tempo no espello*), opoñemos:

Un canto de celebración:

Quantas sabedes amar amigo
treides comig’a lo mar de Vigo
e bañarnos emos nas ondas (Martín Codax).

Unha singradura:

“O mar adentro é unha illa de auga rodeada de ceo por todas partes” (Manuel Antonio: *De catro a catro*).

Uns versos emocionados:

Tamén o mar, hoxe,
ten a ialma chea de madureza.
—Oúveselle a adolescencia
no vidro do ár
chea de anacos de vísperas
e de intactas navegacións escuras—. (Álvaro
Cunqueiro: *Mar ao norde*).

Unha paixón:

Eu non preciso o negro dos petróleos
que anda a manchar sorríos portos abras.

Para navegar máis ceibe que me dean
ese negror con lúas dos teus ollos (Bernardino
Graña: *Se o noso amor e os peixes Sar arriba andasen*).

E, sobre todo, unha luz de esperanza:
Primeiro foi o mar, mais non é certo
que a corrente nos leve:
correspóndelle á onda repetirse de novo,
devolver algo vivo por unha dor tremenda
(Xohana Torres: *Estacións ao mar*).

Contra o mar de alma preta que agora padecemos,
únxenos a palabra azul dos poetas e o ¡nunca máis!
perpetuamente inscrito na boca, no corazón e na me-
moria.

Teresa Seara

Causa lóxica

Entón a vida non viña de elipses mortais, nin se debuxaba máis que de corpos celestes. Entón a vida era como a plenitude máxica de cada verán. Un esforzo de cada día por acadar os cumes máis gloriosos, os periquitos singulares da victoria. E as nubes éramos nós, conscientes do desafío. Sabedores de que para vivir compre tripar con afouteza os vieiros que nos deixan perplexos. E cansos ao rematar as tarefas que andivemos a repartir.

Mirar para o mar era a máis elaborada. Porque vixialo implicaba un proceso lentísimo no que os teus ollos semellaban a parte máis confusa. Daquela debíamos atarnos aos mastros que erguéramos na praia. E que o mar dos teus ollos non fora metáfora baldeira. Logo despois compría recoller as cunchas e criar delicados muros que salvaran os nosos corazóns do pánico. Porque o mundo, pequeno e noso, así se dispoñía. Para desta maneira nos salvar.

Falo de tempos de trigo, e de millo, e de chuvias como pavías, e de neves en agosto, como fatóns os pexegos. O tempo xentileza das varandas ao mar. O mar como camiño posible polo que andar descalzos. Polo que moverse espidos a noite dos solsticios.

Polo que sentir o que non se fai. Polo que amar nas praias de onte como se nada. Polo que nunca será se non se artella.

Serenamente. Nas latitudes.

Vicente Araguas
Días de febreiro de 2003

Nunca Máis

A José Luís García Dans, e a
José Manuel Martínez Serceda
que lle queren á terriña e á mariña tanto como eu.

1

O Arco da Vella non ten cor vermella
nin índigo ou viola, é todo negror,
pon un pé nun pozo, outro nunha sella,
el non bebe auga de estoucada cor.

Morren os peixes, o percebe, a ervella,
praias, mariñas e o sol ó solpor,
e no mar bruante a brea escaravella
batendo a negra espuma con vigor.

Os ríos veñen cheos de tesouros
e xa non queren ir morrer ó mar,
nos ríos veñen homes peixe e mouros.

A Costa da Morte é para chorar,
vendo petar as ondas nos pelouros,
vendo morrer a marea ó baixar.

2

Unha décima a rabiarse
en tanto sube a marea
e deixe algunha serea
en cando empece a baixar,
e que me ha de namorar.
Como leite sombreado
fervendo no mar salgado,
na ola botando bruma
burbullando negra escuma.
Infeliz e desgraciado.

Vicente Piñeiro González
20 de xaneiro de 2003

Fóra de obxectivo

Ao solpor saímos da adega na Ribeira, ben acompañados polo viño novo. O socalcos marcan liñas de luz e sombra, xeométricas e duras, xunto do arboredo algodónoso, de follas a agromar na primavera amarga de chapapote e guerra.

Entre videiras núas subimos para a vila antiquísima. Paseamos entre casas que viron pasar centurias dunha Galicia coa Historia feita fóra. Falamos do non ser, e el, que vive no centro do poder de Europa, di que as cousas están tan mal como eu as vexo desde as paisaxes do Arco Ártabro. En Bruxelas hoxe cómpre dicir que un é español pero que está en contra. Imos pagar as contas do *Prestige*; e, aínda máis caras, as vaidades do “rapaz de Serrano” que quixo pasar á Historia recuperando o Xibraltar e fíxose amiguiño do inglés, para acabar sen a Rocha e cun anuncio da postura británica sobre o reparto de cartos na Unión: España fóra de xogo, e Galicia fóra de obxectivo.

Cae o frío cando el pronuncia a frase: “Ese é o plan Galicia que nos deixa o Chemari”. Despedímonos na noite do corazón de Galicia. El sabe que cando volva alá nada pode facer, mesmo que o reciba Chirac. E sofre, porque (os desta raza son así) xa ten nicho no cemiterio onde todos os seus se enterraron.

Xavier Alcalá

descrición dos feitos

(ao principio era a soidade
e os percebes de sombra tiñan a boca rubia)

varios nenos voan no areal
gritan ao nordeste inmenso

hanse reunir en torno do marraxo
que un mar de fondo devolvera
coa madeira cacarañada e as redes podres

a miña mao cruzou a carriza daquela pel

xunto dela unha botella rota, por azar
(así se inventan os sacrificios)

abriulle o ventre
(así as fendas no músculo do ceo
destronan agosto e a súa entraña amarela
procura un leito de espellos e cunchas)

o sacerdote púxose de pé
tirou alí a botella e o misterio

(marchaba a noite
ciou a marea)

co fel ás costas
miles de pulgas
furaban medas de argazo)

a praia
ensinou os seus poboadores escuros

Xabier Cordal

O regreso de Deus

Cando parecía que, da man da democracia, ía impoñerse o laicismo na vida moderna cotián e estábamos diante dun retroceso do imperativo relixioso, ollamos abraiados que escomeza a suceder todo o contrario. A imaxe de Deus —un deus monoteísta, sexa bíblico, cristián ou musulmán— aparécesenos desde tódolos currunchos do devir da sociedade. ¿É isto bo? ¿É refugable? Segundo sexa a perspectiva desde a que se enfoque o fenómeno, un fenómeno, dito sexa de paso, complexo a máis non poder, que vai desde o terrorismo islámico —que na versión talibán acadou fitos do máximo sectarismo e perfís de cego martirio en aras dunha vida ultraterrea na que os terroristas vivirían ledos arrodeados de huríes— ata o puritanismo estadounidense, máis ben de caste hipócrita, dos que cren que teñen dereito a definir o ben e o mal.

Coido que ninguén con dous dedos de fronte poidera agardar que, alomenos nun futuro a medio prazo, foran a desaparecer as relixións e coelas a figura dun Deus omnipotente, todopoderoso. A fe move montañas. E hai millóns e millóns de persoas que levan moi fondo, cravado no corazón e na alma, o sentimento relixioso. Pero penso que non era de agardar

que esta fe de *cruzado* —por dicilo de algún xeito que poida ser entendido por agnósticos, ateos e cren-tes— invadira de novo as canles polas que fluíe a vida nas sociedades e arromba os prodixiosos logros da ciencia e da técnica, principalmente dos dous derradeiros séculos.

Xavier Costa Clavell

A ferida que non poderá taponalo batiscafo

Hai unha ferida sementada de sal
no corazón dos combatentes do mar
que proxecta unha longa sombra leprosa
nos seus ollos indómitos
e érguese con artes de gaivota esmorecida
cara ós campanarios obscenos da morte

Hai unha ferida que nunca
poderá taponalo batiscafo

Hai unha ferida de area adoecida
que percorre con maxestade de serpe escura
a litoral xeografía saqueada
e deixa un ronsel de látigo
na diadema das praias
onde algún día descubrimos
a transparencia inmune do aire

Hai unha ferida que nunca
poderá taponalo batiscafo.

Hai unha ferida de sangue negro
coma un manacial que se dilata
nas fraternais gorxas bautismais
e se mergulla en fogueiras de voces

convertida en primavera verbal
sobre os cans golosos do silencio.

Hai unha ferida que nunca, xa nunca
poderá taponalo batiscafo

Xavier Lama

Oceánica

No puro azul o soño do espacio se anonada.
O seu instante é insomnio de núa eternidade.

Xavier Seoane

Dignidade

Marea miseria invade global Galicia.
Colleita inepta de intereses financeiros.

Burla negra.

Oes o son mediático das novas nas casas,
a química diplomática na fiestra da praia.

Nunca máis.

“Mar de fondo, capitán”.
A velocidade do vento non é nada
se deciden as pantasma.

Never more, never more.

No lombo
a miseria do hábito domeado.
As maquinarias do acougo anotan
as lindezas dos conformes.

Burla negra. Nunca máis.

Intempéiate, fogar dos rumorosos.
Pon prezo en castigo
á patética esperanza.
Nunca máis.
Velaí te-la estúpida batalla.

Xela Arias

Adoramos un deus maligno
que, de cando en vez, verte da súa copa de xade
unha apócema negra sobre o mar
e cóbrase o seu tributo de vidas.

Contra ese deus érguese o percebeiro
coa raspeta de ira sobre a rocha petroleada.
Tamén o ecoloxista, que fai o inventario do espanto
e alza o cadaver enlixado do mascato
e berra o seu nome:
Sula! Sula basana!
e fai turbillonar o mar
de rebeldía.

Xesús Pereiras

Nunca Máis

Un monstro visgento
devora a transparencia azul.
Escuras ondas moribundas
vomitan chapapote no litoral.

Quen sementou de sombras o amencer das rías?
Quen roubou o ámbar das augas do solpor?
Quen apagou a luz da ardora de redes cheas?
Quen envelenou o fertil ventre do “Mar Maior”?
Quen luxou as finísimas areas que peneirou a maré?
Quen enlodou a branca escuma que bica a beira?
Quen abateu o voo das aves que habitan a ribeira?
Quen infectou a aperta salobre do vento?
Quen manchou o espello no que se mira esta Terra?

Os piratas modernos
traficantes do ourro negro
e os seus infames aliados
asfaltaron os areais e os cantís
as Illas e o horizonte.

CANALLAS

A flota amarrada neste interminábel temporal de
[negrura
(As gamelas que onte danzaban na alba
son hoxe bágoas negras ancoradas nos ollos dos

[mariñeiros).

Loito no corazón e unha longa loita
do home e o mar, nun man a man de bravura
para que, fillos de ollos limpos, herden brancos ronseis.

Xoán Neira

Viveiro, no negro novembro do 2002

As redeiras da noite

Tecen os fríos fíos da brétema
con duras agullas de salitre,
mentres salmodian naufraxios e incertezas.

Cosen a memoria rota do mar,
unha puntada na rede, outra no horizonte
rosmando rotas de soidade.

Ventan temporaiss nos chíos das gaiivotas
—elas non esperan o botín—

Os seus rostros teñen o xesto rexo
dos que agardan desde a beira
que as mareas lles reparen tanto sufrimento
—só soñan coa buguina da derradeira arribada—

Habitan ausencias, nas pequenas casiñas
recostadas fronte á ría,

coas pupilas dilatadas de ronseis.
As redeiras do norte,
anoan solpores e amenceres
e nun fondo salaio
sorben o océano.

As redeiras da noite
esfollan a rosa dos ventos
temerosas da pétala sinistra.

As redeiras da noite
teñen as mans cheas de nubes,
os ollos cegos de luz
e un golpe de mar bate
continuamente no seu corazón.

Xoán Neira
Viveiro, inverno do 2002

Sobre o *Prestige*

¿Ata cando o capital
fará o que facer lle peta,
sementando morte e ruína
nas augas, no ar, na terra?

Maldigo ós moitos Prestiges
e a cantos deles se ceban,
e a cantos te orixinaron,
criminal marea negra.

Bendigo a axuda e o afán
dos ben nados que se empeñan
en que nunca, ¡Nunca máis!
estes crimes acontezan.

Xoán Xosé Fernández Abella
Os Tilos, 18 Nadal 2002

(Este poema reciteino na Estrada o 14/Nadal/2002 co título
“Prologuiño sobre o Prestige”, que antepuxen ó que dediquei

ós premiados co sobranceiro San Martiño).

Tocan a morto polo mar.

.....

Tocan a morto polo mar Sereas,
o sangue dun Titán enchoupa todo,
os choros das criaturas son clamores,
que soben como serpes ás consciencias.

¡Canta tristura en cons e praias, portos!

No corazón dos homes mariñeiros
nace unha dor que fura e queima, racha,
acende lumes mouros, berra, mata,
como un bicho infernal que se espreguiza.

¡Canta tristura en cons e praias, portos!

Xa non se escoitan nas buguinas ledos
os balbordos que chaman ás mariñas
nin as brisas recenden nas ribeiras
de tan cheas que chegan de cheixumes.

¡Canta tristura en cons e praias, portos!

Xosé Abeal

MaR 1960

Era un espello de verde prata
nas tardes de ardentía:
o mar.

Era un xelado salgado
de néboa bravía,
salferido de xerfas e adeuses rotos:
o mar.

Era un ensoño, un espellismo,
unha leria de axóuxeres na area mollada,
un castelo de cunchas tapizado de algas.
Un bambán, unha illa onde o sol vai durmir:
O mar.

Unha canción de piratas, unha carreira de peixes
baixo o ronsel dos bateis.
Unha gamela rompida, doce viúvas mouras,
as badaladas da igrexa
e o mar.

Xosé Ballesteros

Cantiga Galeuscana do chapapote

Mariñeiros de Malpica,
Arousa, Poboá, Caión,
Noia, Cee e Corcubión
Negra espuma vos salpica

INOIZ EZ GEHIAGO
ITXASO GARBIA BETIRAKO

Pescadores e peixeiras,
Mariscadores das rías,
¿Qué foron das ardentías,
das navallas nas areeiras?

INOIZ EZ GEHIAGO
ITXASO GARBIA BETIRAKO

¿Ousarán xa as sardiñas,
as nécoras e as centolas
bailar no berce das olas
ou aniñar nas mariñas?

INOIZ EZ GEHIAGO
ITXASO GARBIA BETIRAKO

Con calma ou con maruxía

¿Quén sairá nas gamelas,
coas nasas e coas patelas,
ferir cas mans a auga fría?

INOIZ EZ GEHIAGO
ITXASO GARBIA BETIRAKO

Percebeiros de Muxía,
Corme, Fisterra e Carnota
¿Só coliflor e compota
na Boa Noite da invernia?

INOIZ EZ GEHIAGO
ITXASO GARBIA BETIRAKO

Chapapote, coutelo mouro,
Morte e dor da nosa Terra,
Xusticia reclama, ¡berra!
polos eidos da pel de touro.

INOIZ EZ GAHIAGO
ITXASO GARBIA BETIRAKO

Clamor da nación de Breogán
Resón galeuscano na de Aitor,
Fraterno símbolo e peñor
Dun xebre e solidario afán.

NUNCA MAIS _PRESTIXO_
O MAR CEIBE DE LIXO

INOIZ EZ GEHIAGO
ITXASO GARBIA BETIRAKO.

Xosé Estévez

Oiartzun, 12-xaneiro-2003

Rosalía non chorou por todos

Rosalía non chorou por todos e para sempre,
como dixo Luís Pimentel nun poema famoso.
Xa vedes: Temos que seguir chorando
unha e outra vez. ¿Que podemos facer?
Ramón Cabanillas deixóunolo claramente escrito:
“¡Irmáns, en pé!... E nunha man a fouce
e noutra man a oliva”. Rebelión serían tales palabras
recollendo o espírito da súa letra.
A fouce para o pescozo de todos os responsables
que nos trouxeron a peste mortal do chapapote,
negando sempre tal evidencia nos medios de
[comunicación,
coma se nós non tivésemos ollos ou fósemos parvos,
fuxindo así das súas culpas e das súas responsabilidades.
“Las playas están esplendorosas”, dicían, non sei se
[con burla,
mentres a marea negra ía en aumento día a día,
cubrinto as costas e as rías de banda a banda
provocando unha catástrofe ecolóxica sen precedentes.
A oliva para os que con nós desinteresadamente se
[solidarizaron
nunha irmandade branca única, fermosa e universal.
Pero nada se arranxou por moito que digan os caciques,
os de aquí e os de acolá, tan inútiles uns coma os
[outros,

pois no fondo do mar, aí moi preto de Fisterra,
está o petroleiro pirata afundido coa súa carga
[destrutiva:
unha bomba de cincuenta mil toneladas
que pode rebentar —que rebentará— en calquera
[momento,
como están a facer os mísiles USA sobre Bagdag.
¿Qué será de Galicia e do seu mar se iso ocorre?
Repito, Cabanillas deixóunolo explicitamente
[demandado:
“¡Irmáns, en pé!... E nunha man a fouce
e noutra man a oliva... ¡A nosa Terra é nosa!”.

Xosé Fernández Ferreiro
(marzo de 2003)

Os que non somos mariñeiros

Podería dicir que me sinto solidario coas mariscadoras e mariñeiros ós que a marea negra roubou a posible fartura. Podería afirmar que comparto o desacougo dos carpinteiros de ribeira, dos ruleiros, dos propietarios de casas de comida, dos camareiros, dos encargados da carnada, dos provedores de xelo, das mulleres da fábrica de conserva, das redeiras, da vendedora de peixe, do xubilado que completa o subsidio co mar, do sen papeis que só vive do mar, dos propietarios da tenda de efectos navais, do constructor de caixas, do fabricante de folla de lata, do vendedor de FM, da recollidora de argazo, do instalador de GPS, do mecánico, do pintor, do bateeiro, da parella que soñaba con montar unha casa de turismo rural, dos que xa abirán a casa de turismo rural. Son cómplice dos que demandan apoio para os afectados. Esa solidariedade, esa complicidade que afirmo, son certas, pero non son a única verdade.

A verdade é que me sinto cómplice de min mesmo e da miña propia mágoa. A maior solidariedade que atopo é a que a cada hora me expreso dende o meu desacougo, xa que isto do Prestige e a súa sombra, afogou unha parte de min e da miña vida.

Fixera eu amizade co mar. Elixira un espacio para me familiarizar con el. Nel bañábame de inverno e

de verán, a súa beira paseaba, buscaba os seus paxaros, lía nos seus brillos, xunto del convocaba ós amigos, para vivir con el educaba ó meu fillo. Sentía a súa dimensión no xogo dos golfiños, o seu poder nas mareas de primavera e de outono, o seu misterio nas crebas. Aprendín que o mar pode secar, que hai nel carreiros que conducen ó infinito, que hai que saber evitar as penas afogadas, que o mar é un espacio para andar e para vivir e, ás veces, tamén para morrer. Convivía co recendo dos seus homes, coa fala das súas mulleres, coas cruces da beirada. Fixen romaxe ós seus santos, inicieime en procesións de caraveles, embarqueime en travesías, sen outro obxectivo que contemplar a noite e descubrir a luz. Souben da ardora e do cardume, dos polbos dos illotes e da funa do congro. Debuxei unha carta cos seus aires, batínme cos seus ventos. Descubrín orolas, carneirolos, cade-luchas, ovos de medusa, peixes lúa. Intuíñ que o canto das sereas non é máis que un murmurio de ondas. No calendario marquei o tempo dos ourizos, as mareas da coquina, as horas do robalo. Distinguín betas e miños, trasmallos e volantas, xeitos e palangres. Usei poteiras e chivos. Participei na danza dos argazos, compartín a caldeirada, medrei coas lendas, coas cantigas, coas palabras.

Non, non é o mar o meu traballo nin quen me dá o pan. Non me ergo cada mañá para calzar as botas, vestir traxe de augas e ceibar unha cacea de nasas. Non teño dereito a pensión compensatoria e non esmagarei as horas do inverno contra a barra dun bar, contemplando as embarcacións que esmorecen sen rizón que as sosteña e sen man sobre o leme. Pero cambioume a vida. Esta marea de sombras levouse unha parte de min, xunto coas ribeiras inzadas de pistas e as beiradas cubertas de fuel e de cascallo. Sei

que o acontecido é consecuencia dunha cadea de decisións humanas. Sei que esas decisións son discutibles. Sei que por elas derivamos cara o peor escenario posible.

Eu só reclamo solidariedade tamén para comigo e dignidade. A dignidade do cidadán que pide saber, que quere comprender, que pretende albiscar como será o futuro. A dignidade de poder e de saber dicir que nunca máis, que non queremos que os mesmos que causaron a morte da vida, administren e nos mantén a esperanza.

Francisco X. Fernández Naval

Lola na praia do Coido

A pequena Lola naceu o 1 de decembro do 2002. A súa nai é percebeira, e naceu non fai demasiado tempo, tan so vinte anos, en Muxía. Filla, neta, bisneta, tataretena, e a lista podería seguir ata perderse no tempo, de mariñeiros. Pertence a unha familia que vive co mar de xeito constante.

A familia de Lola garda unha tradición. Cando nace un pequeno, antes do bautizo habitual na igrexa parroquial, a nai o bautiza na augas atlánticas da praia do Coido, que está situada preto da casa familiar.

Pero agora o mar Atlántico que baña o Coido, non está para bautizar e invadir de vida á recen nacida. A marea negra que emana do monstro de ferro “Prestige” deixou sen vida o mar e a praia.

Alguén dixo: “Haberá que bautizar á nena na igrexa e logo, cando o mar estea limpo, xa a bautizaredes na praia do Coido”.

Pero a nai de Lola respondeu: “Os meus avós, os meus pais, o meu home, os meus irmáns e eu vivimos sempre gracias ao mar, e sei que tamén del vivirá a miña filla, ninguén máis nos dou xamais de comer, e porque agora estea enfermo non lle imos dar as costas ao mar. Traballaremos para limpalo e logo bautizarei a miña filla nel, e despois, pero só despois, será bautizada na igrexa”.

E así o está a facer.

Todos os días a nai de Lola baixa ao Coido a limpar chapapote. A pequena Lola agarda no seu berce contemplando o mar pola xanela.

X. H. Rivadulla Corcón

I

Penetrou o fuel oil
nas badías do teu corpo
como un semen negro

e saímos á rúa
para esixir o castigo
do violador

e os seus cómplices.

II

Os nosos berros
en Muxía, Compostela e Madrid
ficarán para sempre inscritos
nos pentagramas da carraxe
e nos futuros caleidoscópicos
dos pobos ergueitos.

Xosé Leira

Ensaio de morte provisional

“¿Quen sente aos peixes cando choran?”

(H. D. Thoreau)

—Así, de negro, as rochas non quedan nada mal —opina o militante do partido no poder aínda que sen chegar a ser convincente.

—Para min que estaban mellor como antes, coas súas lapas, coas pozas transparentes dando acobillo ás minchas e aos camaróns inmaturos que aprendían a fuxir do trueiro —ousa dicir a serea parente da de Copenhague por parte de nai.

—¿Que ten contra o cromatismo escuro? Detecto algo de racismo nesa actitude. Eu casaría á miña filla cun afroamerindio sen problema, ¿e vostede? Paréce-me notar un aquel insolidario moi escamante, que teña escamas de embigo para abaixo non a autoriza a disentir. Aquí todos somos iguais ante a catástrofe.

—Non me aturulle, eu estaba afeitada ao mar azul ou verde, se me apura até gris, pero nunca aceptarei este inferno de fuel.

—¡Criatura! É a providencia, a evidencia de que

somos probes. Mire a parte positiva, acabáronse os lorchos. ¿E que me di do marisco? ¡Adeus ao ácido úrico! Non é por incordiar, líbreme Deus que me está controlando por satélite, pero non vexo máis que vantaxes —argumenta o demagogo seguindo as directrices do partido.

—¿E os berberechos e a bertorella? ¿E a ameixa babosa?

—¡Que palabras máis vulgares! Ademais, moita xente non gusta do peixe.

—¿E os pescadores? ¿Quen vai atender ao meu canto?

—¡O mar é enorme! ¿Acaso non contaminan os nenos cando mexan nel? O libre de pecado que tire o primeiro croio. ¿Sabe o que a min me preocupa? Cando desde a beira tiro as pedras ao mar, fan “chof” e, por moi planiñas que as colla, non consigo que pasen dun bote. ¡Espero que a cousa se amañe en pouco tempo!

Xosé Luís Martínez Pereiro

Contra a mentira e a ocultación

Contaba Manfredo, o alemán de Camelle, que cando aínda era case un rapaz viviu na súa terra natal unha experiencia que sería decisiva para a súa vida. Foi esta a observación de como as ruínas de casas, barrios e ata cidades enteiras, destruídas durante a Segunda Guerra Mundial, eran retiradas e os edificios reconstruídos coa mesma feitura que anteriormente tiveran.

Tocado na alma por aquilo que consideraba unha mentira e unha ocultación (Mentira pola falsidade que para el representaban aquelas reconstrucións nas que xa non podía habitar o *espírito* anterior, e ocultación polo feito de facer desaparecer os testemuños da barbarie vivida), Manfredo decidiu abandonar Alemania, coas obras do seu admirado Schopenhauer na maleta, á percura dun lugar onde non existisen nin a mentira nin a ocultación.

Elixiu Italia, de onde tamén marcharía desencantado para acabar varando nesta Costa da Morte que desde entón foi a súa patria. Pero Manfredo non soubo escoller ben e ata aquí o perseguiron os males dos que coidara fuxir.

Non sei cal foi a verdadeira causa da súa morte, se por consumación natural do ciclo vital, se pola dor de ver destruído aquel mundo que tan amorosamen-

te e con tanta paciencia levantara arredor seu, ou pola constatación de que a mentira e a ocultación duns gobernantes incompetentes e ruíns volvían aparecer esmagadoras diante del.

Porque aquí, agora ata os cegos poden velo, vivimos baixo o imperio da mentira e a ocultación. E contra eso, máis que contra o desastre producido polo chapapote, é contra o que todos os galegos, con todas as nosas forzas, debemos loitar.

Xosé Manuel Martínez Oca

Contra a Mentira Negra

da combustión furtiva e da mordaza
nas bocas entupidas e das brandas
vontades que se entregan
e da ferida incisa sobre o rumor das voces soterradas
e das materias podres da desidia
e do cerne infeccioso da mentira que se propaga en
[labirinto
e apreixa ao mentirán no pozo dun espello do que
[nunca
ninguén regresa
e do crime voraz
naceu a cobra negra
a besta derrubada nun vómito de inferno
que xa trabou nas praias e na cortiza fráxil da tristura
que xa tocou no fondo
e o mar brúa por dentro
e somos nós quen brúa
e hai unha rede mundo desde a vixía brava do
Roncudo
aos socalcos da luz en Camposancos
desde os lindes da tarde en Touriñán
ás extremas do Eo firmemente
ferozmente unha rede un universo
contra o trafego mouro da razón contra a furtiva
consigna silandeira de veneno

e chumbo na palabra que apodrece
se non bruamos mar se non bradamos
contra a mentira negra
e na foz da impostura
naufraga o mentirán no seu espello
multiplicado en nada devorado
por un funil nocturno de petróleo

Xosé María Álvarez Cáccamo
28 Novembro 2002

¡Anda xa!

*En lembranza do capitán grego Apostolos Mangouras
—traballador asalariado do mar— chivo expiatorio
inxustamente encarcerado por ser o único coas ideas claras*

Temos que limpar a merda do capital.
Mellor aínda, varrer ese capital de merda
que nos asola.
Que nas ondas do mar levado
estronden os corazóns
e as gorxas vercan raibas
contra os sambesugas dos votos,
contra os que pretenden acalar conciencias,
contra os que van de bos de película
nunha historia só de malos ou peores.
Non sente un Bush na súa mesa, meu amigo.
Non poña un Aznar na súa vida, miña señora.
Nin somos pobriños, nin queremos esmolos cristiás.
FIAT IUSTITIA, RUAT CAELUM
(ME) CAGHO EN DIOLA

Xosé María Dobarro

Son un can de palleiro, un can doído e esfolado en
[vivo, son o can da dor do mundo,
pero hai outros cans, cans da guerra, *perros*
[perdigueiros, criados de mandar,
mandadeiros que en mandas e patuleas patrullan os
[arrabaldos do planeta
coas súas bocas de estroncio e de permanganato,
cos seus labios de peróxido e os seus cairos
[cibernéticos de fibra de carbono.
Eles, híbridos de chacal e coiote e de hiena manchada,
de crocuta e caimán que rin sempre por baixo do
[bigote pequeno e recortado como unha escopeta
e pola esquina da boca, para que non se lles vexan
[as moas carniceiras,
e que son campeóns olímpicos en roubarlles ós
[pobres a sopa
e a humidade ós desertos e os versículos do alcorán
[ó muecín
e as palabras ó breviario e os santos ó misario
e ás amas de casa que veñen da compra o carriño e
[os días
e ós profesores as luces da razón e da aurora boreal
e ós poetas infelices as ás de anxo e as armas
[cargadas de futuro
e ós nenos a inocencia e os tesouros gardados nunha
[caixa de lata,
ós xornais a verdade
e ás noites a lúa e ás estrelas o ceo
e ós ollos a auga da alma

e ó sangue das veas o ferro das moléculas de hemoglobina, veñen xa co seu rebumbio e seus fogos de artificio e as súas bombas derrubando as arterias de Basora e os edificios ingrávidos de Bagdad, cos seus xardíns [colgantes, soñados por Euclides, coa súa xeometría de curvas e rectas e aires e perfumes.

Xosé Miranda

A hora do compromiso e a mobilización

Perante esta situación de verdadeira emerxencia con motivo da catástrofe, é toda a sociedade galega a que se está a mobilizar e por iso tamén son os nosos artistas, cantantes, escritores, actores e actrices os que xorden en primeira liña de acción e capitanean, xunto cos traballadores do mar, unha reacción social exemplar como nunca se ten visto en Galiza, e moi poucas veces se viu en calquer outra parte do mundo. Ninguén pode ficar á marxe. Como dicía Suso de Toro, até os académicos e os investigadores deben pórse á cabeza das manifestacións e daren berros de 'demisión'.

Por iso tantas e tantas persoas que traballan no campo da cultura suspenderon o seu traballo criativo para se implicaren na loita social, agobiados pola 'ruda necesidade urxente'. Por iso levamos máis de tres meses berrando 'nunca máis' en manifestacións, concertos e inclusive reunións de amigos. E por iso agora, máis que nunca, debemos seguir mobilizándonos, pois só a mobilización social pode conseguir que ese plano propagandístico do goberno, feito para nos anestesiar, se cumpra realmente nun tempo prudencial e se complete con outras moitas actuacións menos espectaculares mais imprescindíbeis.

E só mediante a mobilización poderemos lograr que

se tomen as medidas necesarias para acabarmos coas marés negras que ciclicamente invaden a nosa costa e o noso espírito. Que o maldito Prestige nos sirva de panca para reafirmarmos o noso prestixio e a nosa dignidade como pobo, reafirmando tamén a nosa propia identidade.

Xosé Ramón Freixeiro Mato

A miña maleta

Teño na casa unha maleta de madeira, tintada de verniz dos moitos anos: Unha maleta que encargou o meu pai ao carpinteiro Euloxio. Lembro que o obrador tróuxoa gradada á vista dos veciños, envolvida nunha farrapeira. Desvestiuna diante de nolos tres e dixo “¿Góstache, Alfredo, a que é ben bonita? Podes ir con ela a Barcelona ou onde fagha falta”. Souben así a noticia de que o meu pai, o xastre de Quian, marchaba por un tempo a Catalunya, para probar a sorte e aprender máis cousas do oficio. Euloxio xantou con nosco e a maleta estivo coidada coma un traxe novo na cima do armario. Era/é unha maleta grande, cabería eu dentro se o pai quixer levarme ata Terrassa ou Sabadell... Días despois, de mañanciña, colleu con ela a viaxe, pola estrada N 640. Eu tiña oitoou nove anos. No Campo das Corts xogaban Ramallest, Olivella, Garay, Gracia, Segarra, Gensana, Basora, Kubala, César, Koscis e Scibor... Pedinlle ao pai que me trouxera moitas caixas de mistos cos xogadores do Barça. Na tendiña de Agolada, ficabamos a mamá e máis eu, sós. Andaron seis meses: coma unha maré ao mar de Capetón ou Terranova, que as familias da Costa saben entender e sempre agardan. Pero eu non sabía, e a mamá menos. Os tíos de Quian, labregos pobres, traían queixose bolosde manteiga, ovos de galiñas rubias

e brancas, chourizos de cebola e máis da freba, cariño e un carro cheo de esperanza. Cando o pai chegou de volta á xastrería, leváronlle a maleta ata a porta da casa, nunha carretiña de rodas de ferro, pequenas, que facían estrondo nas beirarrúas: era o Ramón da Serafina, que atendía este servizo da Empresa Gómez de Castro pòr un patacón, unha perrachica, dous réas, un cigharro... ¡Moito ten que pesar a maleta do meu pai! ¡Todos os xogadores do Barça dentro! O carretilleiro non deixou que o emigrante retornado cargara con ela. Aquel homiño fraque, que navegaba nunha chaqueta de pana, entrou de primeiro; ergueuna e púxo a enriba do mostrador. Escoitei dentro uns croques de ferragachos, coma se un puño petase. ¡¡É Ramallests!! Non era nada. O pai viñera tal como fora. Contou que aquilo era moi grande, que estivera aprendendo cousas de proveito, a mestría de cortar os traxes, saber dar os remates, que traballara catro meses para unha fábrica e que lle recomendaban que ficase aló, ousenón ir traballar á Coruña, na For. “Ou aquí ou alá, Alfredo, vostede escolla”. El escolleu Agolada. Despois dun tempo levoume a ver o mar bravicho do Orzán, andou comigo polos xardíns, polas avenidas de Rubine e Riazor, no tranvía, e pola Mariña de cristais. Na fronte atracaban os barcos xigantes: Santa María, Montserrat, Begoña, Monte Unbe... Fixemos os dous unha foto no “caballito” de cartón, sorrindo cara ao Obelisco. En María Pita, centrouse na praza e díxome con orgullo: “...sempre quixen vivir aquí, nesta cidade ¡fíxate que ben viste a xente!”.

—¿Máis mellor ca en Barcelona?

—¡Si, ho, non hai comparanza!

Gracias por todo, Nunca Máis.

Xosé Vázquez Pintor

Publicado en *A Nosa Terra*, nº 1.069 (febreiro 2003).

Presaxio

Díxenvos, non ficará nada, non permanecerá nada,
nada poderemos conservar. Nin palacios, nin templos,
mausuleos, museos, nin pontes, nin ríos, nin estradas,
nin portos, estadios, cidades; nin cantos, estrelas,
nin bandeiras.

Cairán os edificios con estrépito, derrubaranse baixo
o seu peso as catedrais, volverán á terra as igrexas,
corroerá o tempo os metais máis duros,
donde estivo o mar haberá un deserto, díxenvos.

Será area a pedra, e area, nada, e dormirán o mesmo pó
vencedores e vencidos, deuses e demonios,
amos e escravos, colonizadores e colonizados,
súbditos e tiranos, prudentes e zafios, criminais e santos.
Desfeita será a casa vinculeira, borrará a neve os

[camiños,

virará a néboa en tinta e a tinta en auga, esqueceremos
a voz dos que amamos, a memoria da nai, a propia
[identidade, e ficaremos orfos, sen patria, sen terra,
sen sono, sen norte. Orfos, xordos e cegos, sen nome,
díxenvos.

Pero esquecín o vento: cesará a chuvia, pero seguirá
o vento, calará o trono, pero seguirá o vento,

[enmudecerán

as voces e o medo, secarán os oceanos, acalarán os ecos,
pero seguirá o vento, si, seguirá o vento, seguirá o vento

co seu lamento largo, co seu aulido desesperado,
o vento arrastrando un remuíño de po triste
por un infinito deserto desolado. O vento aulando, só,
obstinado, tenaz, aulando na noite, perenne, tráxico,
cando xa ninguén —nin siquera Deus— poida escoitalo.

Xulio López Valcárcel

Na miña voz enlaxada non dilapidei silencios.
Non falarei da mera das estampas, da homilía das
[bágoas, da mostra votiva.

Falo do que coñezo.

Falo da miña difamación, da miña cólera, da miña
[aldraxe.

Falo do que agoa por enlortar o meu xuízo
e comprar o meu sentido con mesquiña moeda de
[cambio.

Falo do que en min maldiga. Falo da deshonra da
[miña casa.

Ha recuperar a miña caste a nave do seu cargo e
[comisada memoria.

Nos labios dos nosos unha canción dirá “*costa dos*
[*meus antigos,*
será a miña xeración quen te salve?,
irei un día de A Guarda a Ribadeo por praias liberadas?
Non, a forza do noso amor non pode ser inútil”.

Por iso fala do que intenta saquear o teu medo e
[disfrazar co teu espanto a súa insania.
O verbo ocasiona así que fala do que coñeces.

Na miña voz enlaxada non dilapidei silencios.
Esto que aínda brama acendeu un luxo de
[clarividencia en cada pálpebra.

ÍNDICE

Limiar (<i>Sempre mar</i> , de Bernardino Graña)	7
Adolfo Caamaño	9
Agustín Fernández Paz	11
Alexandre Ripoll	13
Amadeo Cobas	16
Ana Romaní	18
Antón L. Dobao	19
Antonio García Teijeiro	21
Bieito Iglesias	23
Camilo Franco	24
Camilo Gonsar	26
Camilo Valdehorras	28
Carlos L. Bernárdez	29
Cesáreo Sánchez Iglesias	31
Chus Pato	33
Dora Vázquez	34
Eduardo Estévez	36
Emilio Xosé Ínsua	37
Emma Couceiro	39
Estíbaliz Espinosa	41
Eva Veiga	43
Fidel Vidal	44
Fran Alonso	46
Francisco Castro	48

Heidi Kühn-Bode	49
Henrique Rabuñal	50
Isidro Novo	51
Laura Caveiro	55
Lois Diéguez	56
Luis Rei Núñez	58
Luisa Villalta	60
Manoel Riveiro Loureiro	63
Manuel A. Torneiro	65
Manuel Forcadela	67
Manuel María	69
Manuel Vidal Villaverde	70
Marcos Seixo	72
Marga do Val	74
M ^a do Carme Kruckenberg	75
M ^a do Cebreiro	76
Marica Campo	78
Marilar Aleixandre	79
Marta Dacosta	80
Miguel Sande	81
Miro Villar	82
Nacho Taibo	83
Olga Patiño	84
Paco Souto	85
Paulino Pereiro	86
Pura Vázquez	87
Rafa Villar	89
Ramón Caride / Luís Mejuto	91
Raúl G. Pato	94
Roque Cameselle	95
Rosa Aneiros	97
Rosa Méndez	100
Teresa Seara	101
Vicente Araguas	103
Vicente Piñeiro González	105

Xavier Alcalá	107
Xavier Cordal	108
Xavier Costa Clavell	110
Xavier Lama	112
Xavier Seoane	114
Xela Arias	115
Xesús Pereiras	116
Xoán Neira	117
Xoán X. Fernández Abella	120
Xosé Abeal	121
Xosé Ballesteros	122
Xosé Estévez	123
Xosé Fernández Ferreiro	125
Xosé Francisco Fernández Naval	127
Xosé Henrique Rivadulla Corcón	130
Xosé Leira	132
Xosé Luis Martínez Pereiro	133
Xosé Manuel Martínez Oca	135
Xosé M ^a Álvarez Cáccamo	137
Xosé M ^a Dobarro Paz	139
Xosé Miranda	140
Xosé Ramón Freixeiro Mato	142
Xosé Vázquez Pintor	144
Xulio L. Valcárcel	146
Yolanda Castaño	148

